

**anda!na**

**53**

revista galega de pensamento feminista  
3/2009 prezo: 5 euros



- 03 Editorial**
- 04 Denuncias e comentarios**
- 09 Grazas a Deus?**  
Guillermina D.T.
- 10 MUFEST**
- 12 Simone Weill**  
Nanina Santos
- 14 A responsabilidade das xornalistas**  
Áurea Sánchez
- 16 Caster Semenya nun mundo en branco e negro**  
Saleta de Salvador Agra
  
- [ENTREVISTA] **21 Lupe López Rodríguez**  
Estrela Villaverde
- 24 ODOSA vinte anos despois**  
Loli Romero
  
- [EXPOSICIÓNS] **27 Arte e Parte**
- 28 Feminismo galego: Cambios sociais e dereitos das mulleres**  
Tania Ameneiro
- 30 Teatro das oprimidas**  
Aida de Prada
- 32 Hipatia**  
María Ángeles de Prada
  
- [LEMBRANZAS] **36 Xela, de romaría en romaría**  
Nuria Gómez Otero
  
- [CINE] **38 Señora de**  
Laura Gómez Lorenzo
  
- [LIBROS] **40 Devenir Perra**  
Laura Bugalho
  
- [REVISTAS] **41 Xénero Humano: Caderno de Igualdade**  
Patricia Arias Chachero

Revista Galega de Pensamento Feminista  
Terceiro cuadrimestre, 2009  
Apdo. 1058 Santiago de Compostela  
[www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org)  
[andaina@andainamulleres.org](mailto:andaina@andainamulleres.org)

Consello de redacción  
Nadia Álvarez Fernández  
Ana Arellano  
Patricia Arias Chachero  
Celia Balboa Guerra  
Dalila Dopazo  
Zélia Garcia  
Laura Gómez Lorenzo  
Pilar Pérez Rey  
Saleta de Salvador  
Nanina Santos  
Iria Vázquez  
Estrela Villaverde

Colaboran neste número  
Guillermina D.T.  
Nanina Santos  
Áurea Sánchez  
Saleta de Salvador Agra  
Estrela Villaverde  
Loli Romero  
Tania Ameneiro  
Aida de Prada  
María Ángeles de Prada  
Nuria Gómez Otero  
Laura Gómez Lorenzo  
Laura Bugalho  
Patricia Arias Chachero

Deseño gráfico: **Uqui IIIII Cebra**  
Imprime: **Grafisant, S.L.**  
D.L.: C-1.146-88

Unha das formas máis evidentes do exercicio do poder dos homes sobre as mulleres está no control que sempre se quixo exercer sobre os nosos corpos e a nosa sexualidade. Durante moito tempo ás mulleres ténense negado a sexualidade; que unha muller manifestase o seu desexo ou tomase a iniciativa sexual era considerado unha perversión, só ás prostitutas, no seu xogo de sedución, lles estaba permitido. A sexualidade feminina era aceptada só ao servizo da sexualidade dos homes; como vehículo de pracer masculino ou como útero destinado á maternidade. Na educación tradicional, a que recibiron as nosas nais, pero tamén a que se está a impartir hoxe por parte dos sectores máis conservadores, resulta común a idea de que a muller *debe gardar o seu corpo para o seu futuro home* e este á súa vez *debe respectar o corpo da muller ata o matrimonio*. Este xeito de pensar resulta perverso non só pola moralina trasnoitada que eleva á categoría de virtude a represión sexual, senón tamén porque leva implícita a idea de propiedade da muller por parte do home, algo que está detrás de moitos dos actos de violencia contra as mulleres. No imaxinario de moitos homes aínda subsiste a idea de que o corpo da muller lles pertence; escoitámola todos os días nos chistes, nas letras das cancións... e tamén, aínda que máis refinada, nas

recomendacións que se fan desde algúns púlpitos e, por moi trasnoitado que nos pareza, aínda son moitos os homes que se cren con dereitos sobre o corpo das mulleres, das súas compañeiras ou das súas fillas.

A loita das mulleres por seren libres e donas do seu corpo vai desde a reclamación do dereito a expresar libremente a súa sexualidade, con todas as manifestacións do desexo que caben en cada unha e en cada momento da súa vida –hetero, bi, lesbiana...–, ata o control da súa capacidade reprodutiva; desde o dereito a unha educación sexual libre de prexuízos e non só reprodutiva, ata o acceso aos anticonceptivos e a posibilidade de abortar chegado o caso dun embara-

zo non desexado, sen medo á liberdade de poderen decidir, sen teren que procurar o consenso de ningún xuíz, médico ou pai, ou sentírense culpables.

Despois de anos cunha cativa lei despenalizadora do aborto, que por certo non cuestionou o PP mentres estivo no goberno, e despois do acoso que sufriron o ano pasado as clínicas, os médicos e as propias mulleres que acudiron a elas para interromper


o embarazo, o Goberno intenta sacar unha lei que sendo máis ampla que a anterior segue a manter unhas notables eivas (ver núm. 52 de *Andaina*, a decisión única da muller só é posible dentro das primeiras 14 semanas e non nas 22 ou 24 semanas a partir das que hai viabilidade fetal, a imposición dos tres días de reflexión antes de practicar a intervención para explicarlle á muller as axudas que pode ter se decide non interromper o embarazo...); e a dereita alporízase con estes cambios, coa posibilidade de que as rapazas de 16 anos poidan decidir sobre a súa maternidade sen o consentimento dos pais, aínda que a lei sobre a autonomía do doente marca esta idade para dar o consentimento noutras intervencións, coa posibilidade de acudir á farmacia a solicitar a píldora do día seguinte sen receita –cantas farmacias alegan que non llela serven os laboratorios para non ter que dispensala?– e anuncia que se chega ao Congreso botaraa de novo para atrás.

Nas manifestacións exhiben falsas imaxes de fetos con cara de nenos e nas cuñas publicitarias deixan a calada por resposta ante a reclamación de cárcere para as mulleres que aborten... Todo vale, porque entre moitos sectores da sociedade aínda persiste ese medo ancestral a que as mulleres poidamos decidir libremente sobre os nosos corpos. ■

## editorial



# denuncias e comentarios



## Os premios Ig Nobel 2009

recoñeceron na categoría de Saúde Pública a Elena N. Bodnar, Raphael C. Lee, e Sandra Marijan de Chicago, Illinois, Estados Unidos, por inventar un suxeitador que, en caso de emerxencia, pode converterse rapidamente nun par de máscaras de gas, unha para a levadora do suxeitador, e outra para alguén próximo a ela.

Os Ig Nobel son unha

parodia do premio Nobel que se falla nas mesmas datas, aproximadamente no mes de outubro. Están organizados pola revista científica de humor *Annals of Improbable Research* ([www.improbable.com](http://www.improbable.com)), e co-patrocinados por varias sociedades como The Harvard Computer Society ou The Harvard-Radcliffe Society of Physics Students. A gala de entrega faise no Sanders Theatre da Universidade de Harvard.

A popularidade e aceptación dos Ig Nobel desde os comezos en 1991 é crecente e fan un labor de divulgación interesante, amosan a face máis divertida da investigación, celebran o inusual, honran o imaxinativo e estimulan o interese pola ciencia, a medicina ou a tecnoloxía. Galardoan logros en investigación «que primeiro poden provocar risa, pero despois fan que as persoas pensen». Outro dos galardóns deste 2009 foi para Katherine K. Whitcome da Universidade de Cincinatti, Estados Unidos, Daniel E. Lieberman da Universidade de Harvard, Estados Unidos, e Liza J. Shapiro da Universidade de Texas, Estados Unidos, no apartado de Física por determinar analiticamente por que as mulleres embarazadas non caen cara adiante.

Por certo Ig Nobel pronúnciase igual que ignoble, innoble. O seu humor e sarcarmo son patentes. ■

**Ali Abdessalam Treki**, recién elixido presidente do 64º período de sesións da Asamblea Xeral da ONU,



o 10 de xuño de 2009, nacido en 1938 en Misrata, Libia, asegurou que a homosexualidade é «inaceptable», porque «non é aceptable pola nosa relixión nin pola nosa tradición». Pois nada... que sigan a tradición e a relixión ordeando as vidas dos seres humanos, doutor Treki. ■

## Por que molesta opusgay a opusdei?



A tenda Opusgay de roupa e complementos para gais e non gais que pasan de convencionalismos e anticonvencionalismos rexistrada en Granada non lle fixo graza algunha ao Opus Dei, que interpuxo a súa oposición na oficina nacional de patentes e marcas para que Opusgay non se rexistre como tal.

«O Opus Dei non está facendo nada ilegal, pero temos moitas ganas de saber cales foron os seus motivos para pensar que Opusgay e Opus Dei son unha mesma marca. Eles son unha organización relixiosa e nosoutros unha simple marca de roupa cuxa filosofía é a diversión e a diversidade», dixerón os empresarios.



Noutro continente e uns anos atrás, o Opus Dei fixo o mesmo en 2002 contra o xornal da comunidade homosexual chilena cando sacou en setembro o seu primeiro número. A sentenza deu a razón ao Movemento de Integración e Liberación Homosexual de Chile (MOVILH) que celebrou a resolución en decembro de 2004, á que calificou como «un sinal claro e concreto de rexeitamento da petulancia dos grupos de poder que pretenden dominar as expresións alleas». ■

# denuncias e comentarios

## Artificial Virginity Hymen USD 29,90



Non te preocupes máis por perder a túa virxindade. Con este produto poderás volver a vivir a túa primeira vez! Introduce este hime artificial coidadosamente na túa vaxina. Expandirase lixeiramente facéndoche sentir algo apertada. Cando o teu compañeiro te penetre, expulsará un líquido semellante ao sangue, non moita cantidade, a xusta. Engades uns cantos xemidos e lamentos e pasarás a proba. É fácil de usar, e está clinicamente probado, non é tóxico para uso humano e non ten efectos secundarios, non produce dor nin provoca reaccións alérxicas.

Este anuncio aparecido na páxina [www.gigimo.com](http://www.gigimo.com) promete ser a solución para moitas mulleres. Con este Artificial Virginity Hymen poderán enganar eses futuros maridos que as queren virxes e non terán que pasar por quirófanos de restauradores de himes (unha himenoplastia en Oriente Medio pode custar entre 300 e 500 \$). O produto, cun custo de 29,90 \$, é feito en Xapón, aínda que o comercializa a empresa chinesa Gigimo. Mais, igualiño que o líquido vendido, o escándalo tamén se espalla por varios países, os primeiros en reaccionar foron os conservadores exipcios que queren que se prohiba a súa importación. ■

## Cecilia Bartoli dedica o seu último disco aos *castrati*: *Sacrificium* (DECCA).

Neste traballo, como noutros anteriores, hai un esforzo de rigor musicolóxico e de brillantez musical. Un libro disco, 2 CD con 150 páxinas ilustradas incluíndo un glosario de termos e relación de persoas.

Dous discos con quince arias operísticas escritas entre 1725 e 1746. Algunha coñecida (*Ombra mai fu* de Haendel), a meirande parte descoñecidas (once delas gravadas en España por vez primeira).

A historia dos *castrati* tamén é parte da nosa historia nun dos seus acenos pouco sorrintes, castrar nenos de linda voz para reter a súa altura, que podían ter nas voces de mulleres... se a capela pontificia non tivese prohibido ás mulleres cantar en lugares públicos e sagrados.

A sona dos *castrati* traspasou os muros de Roma e mesmo chegou a ser un produto que Italia exportaba ao mundo. As súas actuacións espertaban delirios, disputados polos principais teatros ou polas monarquías europeas que para si os querían e pagaban por eles cifras astronómicas, o que lles daba *chance* para graos de divismo inauditos.

As súas voces coa dozura infantil e agudeza impropia dun home adulto e a forza e intensidade dun desenvolvemento pulmonar e de caixa de resonancia adulta tivo, sinaladamente no século XVIII, moito éxito, de xeito que os compositores daquela escribiron páxinas de gran virtuosismo, das máis altas da historia da ópera. Debátase se o repertorio dos *castrati* corresponde máis a mulleres ou a contratenores (voces masculinas cuxa técnica de canto é o falsete).

Cecilia Bartoli canta aquí e faino marabillosamente xunto con Il Giardino Armónico dirixido por Antonini. ■

## A cidadanía a prol da defensa do idioma



A Plataforma Cidadá «Queremos Galego» conseguiu xuntar miles de persoas na manifestación do 18 de outubro en Compostela. Foi un éxito de convocatoria e un esforzo de unión dos intereses dos distintos partidos e sindicatos por unha causa común: a defensa da lingua propia, a lingua galega.

Todas as persoas e organizacións que estaban nesa manifestación están de acordo en condenar a violencia machista, non cabe a menor dúbida. Por iso esperamos que o 25 de novembro partidos, asociacións e sindicatos sigan o lema MANIFESTÉMONOS EN CONTRA DA VIOLENCIA MACHISTA; se esa non é unha causa común, será que vivimos en diferentes mundos. ■

# denuncias e comentarios



**Ana Pérez e Marta Arribas**, directoras de *El Tren de la memoria* (2005), impresionante testemuña dese terrible e doloroso episodio da emigración de dous millóns de persoas empurradas pola necesidade na década dos sesenta a Francia, Holanda, Bélxica, Alemaña. Delas, a metade aproximadamente eran clandestinas, sen papeis, sen contratos de traballo e o 80 % analfabetas grazas á política educativa e social

da España de Franco. Persoas traballadoras que houberon de lidar con linguas descoñecidas, en situacións difíciles, de amoreamento en barracóns, en moitas ocasións pragadas de humillacións e de xenofobia, desarraigamento e falta de recoñecemento dos seus sacrificios e dos seus esforzos. Directoras, tamén de *Cómicos* (2009), que está nestes momentos na Seminci de Valladolid. Elas, ou mellor as súas películas, conforman ese exiguo 7 % de filmes dirixidos por mulleres nos últimos dez anos segundo os datos de Inés París, directora de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA), que insiste en que se xa facer cine é difícil, facelo sendo muller engade máis e máis dificultades. ■

O psiquiatra **Juan Coullaut-Varela Jáuregui** foi convidado á Comisión Mixta Congreso-Senado para o estudo do problema das drogas a proposta da senadora do PP por Salamanca Teresa Cobaleda. O 22 de xuño de 2009 fixo a súa comparecencia. Teresa Cobaleda non asistiu e pasoulle a testemuña á súa compañeira de partido, a deputada catalana Dolors Montserrat. Como o relator anterior falara nalgún momento da violencia de xénero, Coullaut-Varela pediu poder saír do texto, ao que lle contestaron afirmativamente, aínda que tiña que ser só un minuto, cousa que aproveitou para expor as súas ideas e teorías sobre a cuestión: «A violencia do macho é terrible, porque é violencia de agresividade e é física, pero a violencia da muller é relacional, é de relación co outro». E esta violencia agrávase nos momentos en que ademais ten a menstruación: «...a muller ponse serotoninérxica, nese momento prodúcense trastornos gravísimos da teimosía, da inoportunidade. Iso, a muller ten que saber iso para que evite todo iso, e o outro ten que coñecelo, non teimar... e acaba iso mal». A min gústame unha barbaridade iso de que nos poñemos serotoninérxicas e con trastornos gravísimos da teimosía. Mágoa non telo sabido antes! ■

## Tetas..., as francesas!

Peitos grandes e silicona francesa: en Venezuela, onde o bisturí se usa sen reparos en mises, modelos, actrices e milleiros de mulleres anónimas, os implantes fabricados en Francia fan furor e son un bo negocio, pese á crise. Aumentar o tamaño dos seos é a operación de estética máis practicada en Venezuela. As próteses mamarias son a columna vertebral do negocio da estética en Venezuela, e as francesas teñen unha técnica especial: están practicamente feitas a man e non teñen costuras. «Son as mellores do mercado», di Rosi Oyón, xerente de vendas da corporación Zuider, que representa en exclusiva uns laboratorios franceses en Venezuela. Entre o 75 e o 80 % das máis de 30.000 mamoplastias de aumento que se practican anualmente en Venezuela usan silicona francesa. Implantes estadounidenses, chineses ou brasileiros teñen polo momento menos aceptación neste país.



O prezo dun par de implantes franceses anda actualmente por uns 1200 dólares americanos e o custo total da operación segue sendo máis económico que en calquera outro lugar do mundo.

Pola súa parte o negocio da insatisfacción tamén está contento co ben que lle van os negocios noutros países. As mulleres españolas son as que máis se operan de Europa e a operación que máis demandan é o aumento de peito (50.000 mamoplastias de aumento no ano 2008). En EE. UU. o que mola é o bótox; en Arxentina, os *liftings*; e en Xapón, a intervención das pálpebras, porque son un sinal de orientalismo que non se leva nada.

Isto, nunhas sociedades con maior liberdade que antano para ensinar e lucir os corpos. Sen embargo semella que é a condición de que non sexan os corpos reais.

Segue sendo fantástico e moi recomendado o film

*As mulleres de verdade teñen curvas!* ■

## A primeira muller premio Nobel de economía

Elinor Ostrom recibiu este ano o **Premio do Banco de Suecia en Ciencias Económicas en memoria de Alfred Nobel** e aínda que o premio é compartido con Oliver Williamson, non deixa de ser meritório ser a primeira muller en recibilo. Este premio, instituído no ano 1969, non é sufragado pola Fundación Nobel, senón polo Banco de Suecia (Sveriges Riksbank), xestiónao a Real Academia Sueca de Ciencias e entrégase á vez que os premios Nobel.

Houbo que esperar corenta anos para que a academia fixese xustiza salientando as achegas que as mulleres realizan neste campo, sobre todo en temas ligados á micro-economía e as economías emerxentes de carácter local.

Elinor Ostrom é profesora da universidade de Indiana; é fundadora do Centro para o Estudo da Diversidade Institucional da Universidade de Arizona; desde o ano 1991 é membro da Academia Americana das Artes e as Ciencias; nos anos 1996 e 1997 foi a presidenta da Asociación Americana de Ciencias Políticas, sociedade da que xa fora vicepresidenta na década dos setenta. O seu currículo mantense na páxina da universidade aínda aos seus setenta e seis anos e está cheo de referencias ás súas publicacións e investigacións.

A súa obra<sup>1</sup> é máis coñecida no contorno das ciencias políticas que nas económicas e céntrase en estudar a xestión da propiedade comunal como alternativa á privatización dos recursos ou á xestión pública. No libro *Protecting the Commons* expón que as terras comunais, acuíferos ou recursos que non son legalmente propiedade dunha única entidade son temas cada vez máis polémicos nas áreas de xestión e mesmo nas relacións internacionais. Esta obra proporciona unha actualización concreta en canto a usos dos bens comúns e ofrece once casos prácticos nos que se estuda a toma de decisións ou os problemas xurídicos de tipo ambiental. Achéganos unha revisión das ferramentas útiles na toma de decisións e para o exame de problemas xurídicos de tipo ambiental que son relevantes para as comunidades. Nas súas investigacións sobre a xestión dos recursos naturais polas propias comunidades locais, toma como exemplo o Tribunal das Aguas de Valencia.<sup>2</sup>

Este premio é un recoñecemento ao seu traballo de investigación sobre os métodos que usan as distintas comunidades para xestionar uns recursos escasos para a súa supervivencia. ■



<sup>1</sup> Traducido ao español temos «El gobierno de los bienes comunes. La evolución de las instituciones de acción colectiva», *Región y Sociedad* (El Colegio de Sonora, Sonora) vol. XIV, núm. 24 (maio-agosto, 2000).

<sup>2</sup> É un tribunal formado por un representante de cada unha das comunidades de regantes, oito en total, entre eles elixen un presidente. Reúnense todos os xoves do ano, agás festivos, para solucionar os conflitos que xorden en canto ao uso das augas. En setembro deste ano foi designado Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade.

# denuncias e comentarios

## Sufiah Yusof (1984)



É admitida aos 13 anos na Universidade de Oxford para estudar matemáticas en 1997. O pai considera a froito da súa experimentación educativa (tres anos de estudo intensivo nun cuarto a temperaturas baixo cero para manter o seu cerebro esperto). En 2001 escapa da casa e perde o contacto coa súa familia. Casa en 2004 e o matrimonio dura pouco máis dun ano. En 2008 un xornalista descóbrea exercendo a prostitución en Manchester. Di que está ben no seu traballo e que os seus clientes pásano ben coa súa capacidade de estimulalos física e mentalmente.

Unha eminencia das matemáticas que elixe exercer a prostitución.

Quen queira que tome nota! ■

ELAS, traballan igual ou máis, pero gañan menos (se computamos o tempo de traballo doméstico traballan máis e moito máis).

Ano tras ano, informe tras informe, estudo sobre estudo, todo vén parar a idéntico lugar... de **DISCRIMINACIÓN** e de **DESIGUALDADE**.

Segundo o último estudo presentado polo Instituto Nacional de Estatística da enquisa anual de estrutura salarial correspondente ao 2007 as mulleres gañan de media ao ano un 25,6 % menos cós varóns. E por que aturamos isto? ■

## XOHANA TORRES: unha cartografía

Xohana Torres é unha autora de referencia imprescindible na literatura galega e a Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega (CCG) ven de promover unha dobre actividade de re-coñecemento, estudo e homenaxe a respecto de toda a súa produción xornalística, investigadora, literaria e académica. Dunha banda, a través de relatorios, audicións, entrevista e recital, na xornada «Xohana Torres. Dona dos mapas» organizada polo CCG e celebrada o pasado 29 de abril. Da outra, Xohana Torres protagoniza un espazo na rede de Internet construído logo dunha pescuda biobibliográfica e documental en profundidade. Trátase dunha cartografía que compila materiais de e sobre ela. A cartografía, se insire no marco do *Álbum de Mulleres* (<http://www.culturagalega.org/album>) e achega materiais sonoros, fotográficos, ligazóns e documentos de diferente tipo e procedencia que convidan a unha re-lectura da traxectoria de Xohana Torres. A *Cartografía* de Xohana Torres, contou cunha extensa rede de colaboracións desinteresadas de persoas, entidades públicas e privadas, colectivos, xornais e editoriais galegas que permitiron sacar á luz documentos inéditos.

Animádevos a descubrila,  
é unha visita que merece a pena! ■

inicio / cartografías / Xohana Torres

### xohana torres

Autora de referencia imprescindible na literatura galega contemporánea



- > Cronoloxía literaria
- > Textos da autora
- > Visións sobre a súa obra
- > A poeta recita
- > Nos medios
- > Na rede
- > Galería
- > Bibliografía básica
- > Colaboracións

#### GALERIA



Recordade, está na sección de cartografías do Álbum de mulleres: <http://www.culturagalega.org/album/>





# Grazas a Deus?

GUILLERMINA D.T.

Xa volve chover, é de noite, non durmo, e ándame na cabeza a frase da señora De Cospedal que me deixou un tanto trastornada e moi enfadada... teño que dicilo, tentei de chamar á radio onde a entrevistaban (SER), pero foi imposible... e cáseque mellor, porque en quente estas cousas poden perder forza. Aos poucos días volvinlle escoitar algo similar e sempre me produciu a mesma reacción..., será alerxia?... O caso é que esta insigne dama do PP, incorre repetida e paradoxalmente en citar a Deus en todas e cada unha das intervencións, non sería estraño nin reprochable vindo de quen vén, pero si no momento en que cando lle preguntan pola señora Mato e a súa *ignorancia*, a colación do caso Gürtel, do coche magnífico do seu ex marido, ela, a señora De Cospedal, di, textualmente: «Grazas a Deus, desde fai anos neste país as mulleres casadas xa non teñen que dar contas das cuestións dos seus homes». Até aquí podía chegar a miña escoita... Grazas a Deus????... Señora De Cospedal, está vostede terriblemente equivocada... non foi Deus nin os

## **[...] déalle a Deus o que é de Deus e ás mulleres o que é delas [...]**

seus representantes na terra os que lle quitaron os xugos ás mulleres, máis ben contribuíron de xeito fidedigno a todo o contrario, foron toda esa caterva de feministas, todas esas mulleres que levan tantos séculos e, por situármonos, a segunda metade do século XX, traballando a cotío polos dereitos, representacións, traballos e dignidades das mulleres, mesmo daquelas que como vostede, tantas veces as criticaron, as repudiaron e insultaron... e agora se aproveitan dos logros e llos entregan en bandexa á divinidade.

Moitas desas mulleres, aínda viven o suficiente como para seguir loitando, a loita interminable, por moitas das cousas que vostedes aproveitarán nun futuro non moi lonxano e que agora tratan co desprezo que temos visto ultimamente co tema do aborto, por exemplo.

Demuestra ser moi pouco respectuosa, cousa que as feministas e o Feminismo dos sesenta, o que nos sacou da intolerancia, da incompreensión, do sometemento, da cegueira na que estabamos inmersas, non fixeron..., máis ben todo o contrario, o Feminismo é a máquina de vapor da Nova Revolución... a das mulleres, ou é que non coñece a forza das africanas sacando a eses países da miseria ou a das hindús, a das americanas do sur, a das musulmás, afganas, iranianas..., de verdade que non coñece a forza dese movemento imparabile???, pois sería moi interesante que profundara nas Vandana Shiva ou as Shirin Ebadi do mundo e nas mulleres que ten máis preto, as da rúa, as que a cotío loitan por non seren afastadas do mundo, por non volver atrás nin un só paso, por seguir a medrar en dereitos, porque en obrigas xa as teñen todas.

Deixe vostede á divindade ocupándose das cousas que se ocupa e déalle a Deus o que é de Deus e ás mulleres o que é delas, o que é noso e o que construímos con moito esforzo desde o principio dos tempos. ■

# MUFEST, Festival de Cine Feito por Mulleres



**andaina**



## Entre o 20 e o 22 de novembro, Andaina organizou no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela a primeira edición do MUFEST, Festival de Cine Feito por Mulleres

En apenas tres xornadas reuníronse unha chea de traballos de altísima calidade. O venres pola tarde Margarita Ledo presentou brillantemente tres dos seus traballos *Cienfuegos*, *1913*, *Para Lister* e *Illa*. Pola noite proxectouse *Made in LA* de Almudena Carracedo.

Na mañá do sábado reflexionouse sobre o papel das mulleres no mundo do audiovisual nunha mesa redonda na que participaron Anna Amorós, Carmen Rábade e Marta Piñeiro. Nesa

mesma xornada proxectáronse traballos de Peque Varela, de Susana Rey, de María Ruído e de Uqui Permui e Xoan Anleo. Ademais Zelia García amosou algúns interesantes traballos realizados por GZ Vídeo.

Na xornada de clausura resultaron premiados os traballos de Margherita Morello, directora de *Bloqueo*, cinta que acadou o primeiro premio. O segundo premio foi para *Bata por fóra, muller por dentro*, de Claudia Brenlla. Mentres que o terceiro galardón recaeu en *5 Recuerdos*, de Oriana Alcaine e Alejandra Márquez. O xurado composto por Agar Ledo, Nerea Unzueta, Marta Piñeiro, Llerena Perozo e Iria Vázquez, decidiu ademais outorgar dúas mencións especiais ás obras *Deconstruction of Memory*, de Ramona Rodríguez e *Tómate o teu tempo*, de Sabela Pernas.

Vaia desde aquí o noso recoñecemento e sincero agradecemento a todas as participantes, as mulleres que formaron parte do xurado e por suposto á organización do feliz evento. ■





# SIMONE WEILL

(París, 1909 - Ashford, Kent, 1943)

NANINA SANTOS

Alumna singular e brillante. En 1931, cando ten 22 anos, comeza a súa carreira docente plagada de problemas coas autoridades educativas que a trasladan dun liceo a outro: razóns pedagóxicas, políticas, metodolóxicas.

Bebe nas tabernas cos obreiros, pon o seu salario ao dispor de quen o preci-

se, considera importante que o alumnado aprenda «atención», así poderá descubrir moitas cousas pola súa conta e é premisa para a capacidade crítica e a formación de criterio independente. Radicalmente contraria a selección de *alumnado intelixente*, esixe que se amplíe a obrigatoriedade escolar até os 18 anos, precisa tamén que «debe recoñecerse publicamente que un mineiro, un impresor, un ministro son iguais entre si» e que «todos os seres humanos son acredores de idéntica cantidade de respecto».

No curso 1934-1935 deixa a docencia para experimentar o «ser obreiro» integrándose como operaria en diversas fábricas de París e Billancourt. Entre elas a Renault, onde recibiu, di, «o carimbo do escravo». Aprende en carne propia que os pobres están tan alienados que non teñen forza para alzarse contra a opresión.

Viaxa a España en 1936 para unirse á resistencia republicana en Aragón coa columna Durruti, onde se queima con aceite fervendo e ten que ser evacuada a Francia.

Ela é unha pensadora que ademais fai preguntas comprometidas e incómodas a cristiáns, a comunistas, a marxistas, aos intelectuais sobre as súas responsabilidades...

Para ela o pensar é unha actividade en relación coas cousas humanas e destinado a actuar sobre a realidade, razón pola que a súa filosofía é política.

Sempre, de par do máis vulnerable, orfo, desamparado, fráxil. Sempre, coa «multiforme humanidade sufrinte».

De ascendencia xudía, convértese ao cristianismo, porén non quere entrar na igrexa católica polo carácter excluínte desta para tantos seres humanos.

En palabras de John Berger:

Nunca souben de ninguén que a tivese coñecido. Mirei moitas fotografías súas. Fíxenlle un retrato baseándome nunha delas. Por iso teño a estraña sensación de que puxen os meus ollos nela hai moito tempo. Lembro os sentimentos contradictorios que me inspiraba: unha antipatía física, unha fonda sensación de ser totalmente inadecuado e algo semellante

á exaltación ante a ocasión de amar que ela parecía ofrecernos. Un amor, como no *Timeo* de Platón, cuxa nai é a pobreza. Era unha persoa desconcertante, diso non había dúbida.<sup>1</sup>

No seu último libro, *L'Enraciment*, escrito no exilio e en situación de extrema debilidade física no mesmo ano da súa morte<sup>2</sup> quere responder ao encargo que os servizos da Francia Libre en Londres, isto é, pensar nos fundamentos políticos sobre os que erguer a reconstrución de Francia após a liberación.

**Ela é unha pensadora que ademais fai preguntas comprometidas e incómodas a cristiáns, a comunistas, a marxistas, aos intelectuais sobre as súas responsabilidades... [...] o pensar é unha actividade en relación coas cousas humanas e destinado a actuar sobre a realidade...**



Pon no centro da atención «as necesidades da alma»: Orde, liberdade, obediencia, responsabilidade, igualdade, honor, castigo, liberdade de opinión, o risco, a propiedade colectiva, a propiedade privada, a verdade... Necesidades estas tan urxentes como o alimento ou o repouso do corpo, que tan intrasferiblemente coñecía.

Albert Camus, o primeiro editor do libro, deuno a coñecer como unha das publicacións máis importantes da postguerra.

J. Ramón Capella, na presentación da edición do texto en castelán, di que «xunto a non pouca ganga sen valor aparente, encóntranse as proposicións fundamentais dunha das reflexións filosófico-políticas máis notables, interesantes e significativas deste século».

Cando foi ingresada por tuberculose nun sanatorio de Ashford, en Kent, decidiu «morrer de fame para compartir o sufrimento e o destino de outros seres humanos», segundo as palabras de Peter Sellars, o responsable da posta en escena da ópera/oratorio da interesantísima compositora finlandesa Kaija Saariaho (2006), *La passion de Simone*, con texto de Maalouf, cuxa estrea mundial foi nos últimos días de novembro de 2006 en Viena.

Neste 2009 que remata, cumpríronse 100 anos do seu nacemento.

A nosa sociedade segue intencionada e deliberadamente allea ás súas moi relevantes reflexións sobre este mundo en que vivimos. ■

<sup>1</sup> BERGER, John: «Una muchacha como Antígona», en *Fotocopias*, Madrid, Alfaguara, 2006, páx 129-133.

<sup>2</sup> WEILL, Simone: *Echar raíces*, Madrid, Trotta, 1996, presentación de J. R. Capella.

# A responsabilidade das xornalistas

ÁUREA SÁNCHEZ


A Federación Internacional de Periodistas (FIP) puxo en marcha un Consello de Xénero que se ocupa de mellorar a imaxe das mulleres nos medios de comunicación.

Por marzo do ano pasado fixo público un informe no que, amais de constatar que as mulleres xornalistas cobran menos polo seu traballo que os homes nos mesmos postos, fai unha serie de recomendacións ás que viaxan a zonas de conflito para que non se vexan pre-

xudicadas pola súa condición de seren mulleres.

Na páxina seis de dito informe recomenda que, no caso de ser atacadas sexualmente, e de non poder zafarse do agresor, tratar de convencelo para que use condón. Aconsella, así mesmo, non opoñer resistencia porque «unha ferida sanguenta pode aumentar as posibilidades de contraer a SIDA ou infección».

Con informes así, a igualdade vaise facendo visible nas organizacións pro-



fesionais, pero está lonxe de ser real tanto no desenvolvemento da actividade diaria como no que se reflicte na información.

A Asemblea Andaluza de Mulleres Xornalistas tense pronunciado xa hai tempo contra aos anuncios de contactos na prensa e continúa con esta campaña, porque «se negan como xornalistas a ser cómplices silenciosas de empresas que participan no negocio da prostitución».<sup>1</sup>

A Federación de Asociacións da Prensa de España (FAPE) ten o mandato desde a asemblea xeral celebrada en marzo do ano pasado en Zaragoza de oporse á inserción de anuncios de contactos de sexo nos diarios de información xeral.

Á presidencia da Federación de Asociacións da Prensa de España (FAPE) acaba de chegar a primeira muller neste posto de responsabilidade, a galega Magis Iglesias, destacada xornalista de opinión nunha área na que as mulleres só representan o 20 % do total de asinantes.

## Para mellorar a representación das mulleres nos medios de comunicación hai que coñecer as dinámicas que nos levan a perpetuar os estereotipos

A prensa diaria é incoherente ao aceptar os anuncios de proxenetes porque non se pode defender un criterio na información e outro nas páxinas polas que ingresan partidas de cartos desorbitadas. Os anuncios de prostitución non veñen de prostitutas individuais, senón que obedecen a un negocio dos proxenetes que se enriquecen da explotación sexual das persoas, na súa meirande parte mulleres. Cada xornal tense que mirar no espello e dicir canto pecan de incoherencia, porque non é o mesmo un diario que promove a liberdade comercial sen control, e incluso é

permeable a distintas voces de opinión, a outros que teñen unha filosofía económica e política ben marcada e mesmo nas informacións e nos editoriais que publican danos a impresión de telo todo moi cinguido. A estes medios son aos que lles esiximos que sexan consecuentes con esa política da corrección en tódolos sentidos e que se apliquen a filosofía que propugnan nas páxinas de política e sociedade.

Hai un longo camiño que percorrer se temos en conta que os homes aparecen no 80 % das noticias. Amais o tratamento que reciben favorécelles, mentres que nunha porcentaxe moi destacada, as mulleres cando son noticia, sono por sufriren violencia ou aparecen remitindo violencia doutras mulleres familiares, amigas ou veciñas.

Para mellorar a representación das mulleres nos medios de comunicación hai que coñecer as dinámicas que nos levan a perpetuar os estereotipos. E neste sentido é moi desigual o espazo reservado na prensa escrita e o tempo dedicado nos medios audiovisuais

á violencia machista e ó terrorismo de ETA.

Se temos en conta que o machismo mata unha media de 70 mulleres anualmente en España, parece que son menos importantes estas vítimas, a meirande parte mulleres, que as outras, na que son maioría homes, cando se trata de atentados selectivos.

Os horarios leoninos do sector da comunicación non favorecen o asociacionismo. Tampouco parece compatible a corresponsabilidade entre a vida persoal, familiar e laboral. Con todo, o labor das xornalistas ten unha transcen-

dencia social e, como responsables desta transcendencia, habemos de coidar a imaxe das mulleres para que sexa máis acorde coa realidade.


Hai que ter en conta que a pesar do aumento de profesionais tituladas nos cadros de persoal de xornais, televisión, radios e páxinas dixitais, a representación das mulleres nos postos de decisión non aumenta. Chegan a estes postos de mando nunha porcentaxe moi baixa.

Sobre o estado da profesión, un informe do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), feito público no mes de xullo deste ano, indicaba que o 76 % dos traballadores do sector asinaran contrato temporal e que o 50 % dos consultados indicaron que tiñan gañas de mudar de profesión. O 16 % sinalaron que na súa empresa hai discriminación por razón de sexo e o 41 % afirmaron saber que hai discriminación noutras empresas pola mesma razón.

As mulleres xornalistas cobran entre un 25 e un 30 % menos que os seus colegas varóns e a crise económica cébase nelas, porque son as máis desfavorecidas. De como lles está afectando a crise económica é algo que saberemos máis adiante, porque nas asociacións profesionais, colexios profesionais e sindicatos están recollendo os datos de perda de emprego e están obrigados por lei a ofrecer información por sexos; pero xa hai estudos feitos que xustifican a crise económica como unha desmesura do xénero masculino.

A Universidade de Chicago elaborou un informe no que confirma que a testosterona inflúe negativamente nos homes de negocios ao abocalos a tomar decisións precipitadas; decisións que non tomarían as mulleres nas mesmas circunstancias. ■

<sup>1</sup>[http://www.fape.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=580&Itemid=140](http://www.fape.es/index.php?option=com_content&task=view&id=580&Itemid=140)





# CASTER SEMENYA

## nun mundo en branco e negro

SALETA DE SALVADOR AGRA

A linguaxe, en especial a matemática da ciencia, crea fronteiras artificiais entre o branco e o negro. A razón ou o sentido común bórraas. A razón traballa con grises.

Bart Kosko:  
*Pensamento borroso* (1995)

A lóxica do branco e negro, a ideoloxía da bivalencia, a tiranía das dualidades ten unha longa traxectoria. Tan longa como a propia historia do pensamento occidental. A instauración e supervivencia de dualismos hexemónicos como: branco-negro, sol-lúa, mente-corpo, cultura-natureza, seco-húmido, duro-brando, activo-pasivo, ben-mal, un-cero, masculino-feminino ou varón-femia dan boa conta disto. É a lóxica da disxuntiva excluín-te: ou unha cousa ou a outra, ou branco ou negro, ou home ou muller. Pero este sistema maniqueo de pares opostos topa de fronte coa *grisura* das cousas: «falamos con ceros e uns; a verdade, sen embargo, cae entre eles».<sup>1</sup> O caso de Caster Semenya, un entre moitos outros, álzase contra a construción destes binomios culturais, a favor dunha lóxica borrosa, dunha lóxica gris.

A pesar de que Bart Kosko apunta a que o sentido común (unha especie que parece estar en perigo de extinción, á vista dos feitos) tende a operar con categorías grises, a Caster Semenya o que se lle intentou aplicar foi o inflexíbel código dualista do mundo en branco e

negro. Isto é, o sistema binario que intenta excluír todo o que non se axusta aos dous polos. E cómpre sempre ter presente, como di Judith Butler, que «hai humanos que viven e respiran nos intersticios desa relación binaria; por tanto, esta nin é exhaustiva nin é necesaria».<sup>2</sup>

Para quen non se guise os Mundiais de Atletismo, disputados en Berlín o pasado mes de agosto, quizais non lle soe o nome desta corredora plusmarquista de 800 metros lisos que bateu ás súas contrincantes dun xeito incontes-tábel. Para o resto, dificilmente non recordarán o seu caso. E digo isto, porque e posíbel que a súa impresionante carreira de medio fondo non sexa o que máis soe senón a controversia derivada dunha problemática allea: o sexo da su-rafricana. A noticia, que deu a volta ao mundo, puxo en tea de xuízo que Se-

<sup>1</sup> KOSKO, Bart (1995): *Pensamiento borroso: La nueva ciencia de la lógica borrosa*, Barcelona, Crítica, p. 21.

<sup>2</sup> BUTLER, Judith (2006): *Deshacer el género*, Barcelona, Paidós, p. 99.

[...] poderíamos preguntarnos cal é a fronteira que determina ser muller ou ser home, dada a dualidade imperante e obrigada. Isto é, ser muller é unha cuestión de grado?, hai unha idea de 'verdadeira' muller que sirva de patrón para medir en que porcentaxe o somos?



menya fose muller. As dúbidas sobre o seu sexo viñeron, segundo as persoas denunciadas, fundamentalmente, pola súa anatomía física: músculos, vello no rostro, a altura, a voz, foron as características máis recorridas para xustificar a sospeita. Tamén o feito de rebaixar, en menos dun mes, oito segundos e conseguir así facer os 800 metros nun minuto e cincuenta e cinco segundos.

Esta historia, dende o inicio, xa ven marcada e atravesada pola violencia: os prexuízos padecidos e sufridos pola deportista remóntanse a súa nenez. Pero a humillación pública e a vergoña comezan cunha proba 'médica' por parte da equipa de atletismo surafricana. Camuflada como se fose unha proba contra a dopaxe obrígana a espirse e a ouriñar diante do equipo médico nun bote, coa escusa de que deste modo se aseguraban de que non houbera ningún tipo de suplantación da urina. Máis adiante sábese que, provocado pola incerteza do seu sexo, a Asociación de Atletismo Surafricana (AAS) o que intenta é facerlle un test que determinase se é home ou muller. Os resultados das análises nunca se fan públicos e deciden igualmente mandar a atleta ao Mundial de Atletismo.

Dende as carreiras preliminares, Caster despunta indiscutiblemente respecto as súas rivais, pero será na final cando, en xogo a prezada medalla de ouro, se destape a caixa dos tronos. A distancia e a facilidade abraiante coa que corre non deixa indiferente a ningún (o mesmo poderíamos dicir de

Usain Bolt). Tal é así que as contrincantes, sobre todo a italiana Elisa Cusma e a española Mayte Martínez, quizais provocado por un sentimento de envexa e vinganza, suxiren publicamente que a competición é gañada por un home ou algo «que parece un home». Neste momento de declaracións libres e indecorosas decide intervir a Asociación Internacional de Federacións de Atletismo (IAAF) para calmar os ánimos e anunciar que Semenya terá que pasar por un recoñecemento que determine o seu sexo. Sudáfrica responde a tal feito en clave política: utilizando a palabra racismo para denunciar o acoso sufrido pola deportista (cómpre dicir que son poucas as persoas que insinúan que sexa un caso de violencia machista). Como agora sabemos, a República de Sudáfrica, encabezada polo seu presidente, acorda atacar a IAAF como artimaña para desviar a atención sobre eles (recordemos que a AAS xa a sometera as probas de asignación sexual). Durante un tempo conseguen cuestionar a decisión da IAAF de sometela ás probas, pero, co paso do tempo, as tornas cambian. A principios do pasado mes de setembro dimite Wilfred Daniels, adestrador de Caster Semenya, ao contradicir nos medios a versión de Leonard Chuene, presidente da Federación de Atletismo de Sudáfrica, quen nega que se lle teñan realizado as probas de sexo antes do mundial. Daniels o cuestiona e denuncia que a sabendas dos resultados lanzaron á atleta á platea pública sen maior miramento. As liñas foran

totalmente traspasadas: unha medalla de ouro non xustifica a humillación e a violencia á que foi sometida.

A temática, ao meu modo de ver, dista de ser sinxela. Non só pola lectura política que se fixo da mesma, ou dunha lectura ética que ben viría ao caso, senón que ao fío da teoría beauvoirana, de construír o 'ser muller', poderíamos preguntarnos cal é a fronteira que determina ser muller ou ser home, dada a dualidade imperante e obrigada. Isto é, ser muller é unha cuestión de grado?, hai unha idea de 'verdadeira' muller que sirva de patrón para medir en que porcentaxe o somos? De varios xornais puiden constatar o recorrida que é esta idea. Sirvan estas tres frases de exemplo:

► «Está claro que Semenya é unha muller, pero é posíbel que non o sexa ao 100 %». Era a frase empregada pola IAAF ante as presións políticas, por parte de Sudáfrica, pola decisión de sometela ao test de asignación de sexo.

► «Despois de humillala volven e din que é unha muller, pero non saben en que porcentaxe». Estas son as palabras que declara o portavoz do Ministerio de Deportes Surafricano, supostamente encrespado e preocupado pola repercusión dos acontecementos na atleta.

► «A familia de Caster Semenya xura que a nova heroína nacional surafricana é muller ao 100 %». Como para discutirllo a unha avoa que a criou



Con todo, [...] podemos concluir con Carl Lewis que, tal e como declarou publicamente, pase o que pase «para o resto da súa vida Semenya estará marcada como *o home*»

(a nai e o pai tiveron que emigrar á capital, Johannesburgo, na busca de traballo para manter á familia) e que aos seus 81 anos tivo que saír nos medios denunciando os feitos e asegurando que a súa neta, a que viu crecer, era indiscutibelmente unha muller e indignada declarou que se alguén o dubidaba: «que lle faga probas!».

Se é unha cuestión de graos, como se mide?, é a diferenza física unha evidencia visíbel? Pois non só falamos de distintos tipos de xéneros, senón de sexos, de natura? Xa non estamos no terreo da identidade social, histórica, cultural ou xeográfica, senón nas áreas movedizas da tan socialmente respectábel ciencia biolóxica. E digo isto tamén pola cantidade de xornais que se fixeron eco da noticia anunciando que a Caster Semenya se lle faría unha test para comprobar o seu xénero, confundindo deste modo o xénero e o sexo.

Entón, como se determina? Segundo o número de cromosomas? Segundo o grado de hormonas masculinas? Segundo a anatomía? Segundo a morfoloxía interna ou externa? Que grado de testosterona fai que se abandone o XX e se pase ao XY ou ao XXY? As preguntas non deixan de aflorar: Quen determina o sexo de cada quen?, a bioloxía?, a medicina?, a psicoloxía?, o dereito?, a endocrinoloxía? Quen ten a autoridade científica e moral para determinar o que cada quen é? A miña incultura sobre temas xenéticos, médicos e psicolóxicos imposibilitárame dar unha res-

posta. Pero, o que si me parece é que se están a destinar demasiados medios e esforzos (expertos, cartos...) ao esclarecemento desta cuestión, sen teren en conta á persoa e o seu sufrimento, xa que o sexo é un concepto borroso, gris, con fronteiras difusas difíciles de delimitar a simple vista.

Os faladoiros televisivos e os xornais de todo o mundo non tardaron en entrar no terreo das especulacións e postos a especular, nós tamén podemos suxerir aquí catro posíbeis hipóteses susceptíbeis de aumentarse canto se quixer.

### **Hipótese 1: Caster Semenya é un home**

Penso que esta sería a opción máis aplaudida polas rancorosas rivais que viron a fazaña da atleta diante dos seus ollos. Aínda que non só por elas. De darse esta feble conxectura o caso entraría perfectamente no sistema diádico e, entón, do que estaríamos falando é dunha mentira. De maneira que o peso da lei caería sobre ela e pasaría a encher a lista das mulleres que, ou ben co uso da farmacoloxía ou travestíndose, conseguiron burlar as normas impostas nos deportes (non deixa de ser curioso que aos homes non os soan someter a dita proba sobre a base de que 'naturalmente' son máis fortes e non tería sentido que unha muller se quixese facer pasar por home). Así que cabería referirse a Caster Semenya como un caso de travestismo onde se cuestiona a categoría

de xénero, pois, segundo Butler, «cando nos referimos ao "xénero en disputa ou a problemática do xénero" (*gender trouble*) ou á "mestura de xéneros" (*gender blending*), xa sexa o "transxénero" (*transgender*) ou o "cruce de xéneros" (*cross-gender*), estamos xa suxerindo que o xénero ten unha forma de desprazarse máis alá do binarismo naturalizado». <sup>3</sup> Con todo, aínda a pesar da pouca fiabilidade desta hipótese, podemos concluir con Carl Lewis que, tal e como declarou publicamente, pase o que pase «para o resto da súa vida Semenya estará marcada como 'o home'».

### **Hipótese 2: Caster Semenya é transexual**

O cal poría de manifesto a non conformidade de Caster co sexo designado. Neste terreo libre das especulacións poderíamos pensar que foi sometida a unha cirurxía de reconstrución xenital que impedisese discernir a simple vista que naceu cos órganos xenitais do sexo masculino. Pero tampouco podemos obviar que ela provén de Limpopo, unha das rexións máis duras de África, onde asola a fame e a seca por onde queira e que foi criada xunto con seis irmáns nunha casa co teito de palla. Polo tanto, parecería que o custo de tal operación impediría soste-lo suposto.

<sup>3</sup> *Ibidem*, p. 70.

### Hipótese 3: Caster Semenya é muller

O que eu non poño en dúbida en ningún momento, partindo da autonomía propia do decidir de cada quen sobre o que é. Ela, con 18 anos infórmasse pola prensa da posibilidade de non ser muller, e indignada responde que se fai falla se baixaría os pantalóns para demostralo.

Ante a presión mediática, por momentos decide non recoller a súa tan merecida medalla de ouro e a principios de setembro opta (non se sabe ata que punto por decisión propia ou pola presión da Asociación de Atletismo Surafricana) por saír na popular revista surafricana *You*, peiteada, maquillada, cunha saia negra, con colares, pendentos e extensións no pelo. É dicir, *hiperfeminizada*, adoptando o patrón do xénero feminino. Esta caricatura truculenta levou a súa compatriota, Winnie Mandela, a declarar que se trataba «da broma máis cruel que un ser humano lle pode inflixir a outro». A vulnerabilidade e a desprotección da súa intimidade situaron a Semenya como un xoguete roto en mans dun país que a toda costa ansiaba o metal dourado. A revista surafricana, baixo o titular «Miren a Caster agora!», intentaba, dun modo totalmente cuestionábel, responder á cantidade de especulacións que se fixeron sobre a atleta; *Corriere della Sera* titulaba que tiña «unha voz anómala para ser muller», o seu gusto polo fútbol presentouse como proba irrefutábel para xustificar a súa masculinidade, ou, como declarou o seu profesor da escola, que preferise usar vestimenta «masculina».

Parece que, como novamente apunta Butler, para poder exercer a nosa autonomía como persoas, a nosa liberdade, debemos someternos ás etiquetas e aos nomes, ás incursións, ás invasións; debemos cinguirnos a pautas de normalidade; debemos pasar a proba.<sup>4</sup> Pero, a que custe?

### Hipótese 4: Caster Semenya é intersexo

De ser verdadeira esta premisa suporía a súa descualificación das competicións internacionais, pois no noso mundo en branco e negro só existen dúas categorías: os 800 metros lisos femininos ou os 800 masculinos (ou unha ou outra). Como non estaríamos ante un delito, senón ante unha *anomalía xenética* (segundo a definen os *especialistas*) a súa medalla de ouro pasaría a ser compartida pola segunda do podio. Este suposto é, a día de hoxe, o que máis forza está collendo debido a que se filtrou a noticia de que Semenya é hermafrodita, intersexo, nun xornal australiano (*Daily Telegraph*). Segundo a publicación, a deportista posúe testículos internos en vez de ovarios e carece de útero. Ai!, como empecen a mirarnos por dentro! Quen sabe, ao mellor atópannos a alma. Pero ata o 20 de novembro non teremos os resultados oficiais proporcionados pola IAAF.

Obviamente, de ser o caso, non estaríamos ante un feito illado nin sequera no mundo dos deportes. Baste recordar algúns nomes de mulleres, entre moitos outros, que sufriron e padeceron a violencia dos binarismos como: o da española María Torre-Made, a quen en 1923 lle descubriron órganos

masculinos internos, o que provocou que Pilar Primo de Rivera, irmá do fundador da Falange, prohibise o atletismo en España ata os anos sesenta. Tamén á galega M.<sup>a</sup> José Martínez Patiño, corredora de 60 metros vallas, lle atribuíron a presenza do cromosoma XY no seu corpo, o que lle supuxo a perda da licenza como atleta, por parte da Federación de Atletismo Española. O máis próximo no tempo é o caso da india Santhi Soundarajar quen foi despoxada da medalla de prata dos Xogos Asiáticos de 2006. Logo da exposición pública da súa intimidación, da humillación sufrida, intentouse suicidar, algo que, desgraciadamente, é moi común neste colectivo intersexo.

Tal vez, ao abeiro dos últimos datos publicados, os supostos 3 e 4 (en principio compatíbeis) sexan os máis plausíbeis. Pero con estas hipóteses o que busco é revelar unha gama de grises, con miras a dar conta de que estamos ante categorías que distan de ser precisas; o xénero é un categoría borrosa (sirvan de exemplo as hipóteses 1 e 3) e o sexo é tamén unha categoría borrosa (sirvan de exemplo as hipóteses 2 e 4). Son difusas e polo tanto imprecisas e vagas.

Por máis que o queiramos tapar vivimos nun mundo cunha gran tonalidade de agrisados. O caso de Caster Semenya pon de manifesto que «as cousas, vistas de cerca, vólvense borrosas»<sup>5</sup> e aínda que determinada linguaxe queira encaixalas hermeticamente estas escápanse inevitabelmente ao mundo rixido do branco e do negro. ■

<sup>4</sup> *Ibidem*, p. 134-135.

<sup>5</sup> Kosko, Bart (1995), p. 25.

NADA NOS INTERESA  
MÁIS QUE O GALEGO.  
NIGUÉN NOS INTERESA  
MÁIS CA TI

# ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesanl.org

Nome:  
Apelidos:  
Enderezo  
C.P.:  
Telf

Localidade:

Cuota anual: | 30,05 euros.  
12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco  Sucursal  DC

c/c lo libreta de aforro

Nome da entidade:

Enderezo:

Entrevista

# Lupe López Rodríguez

ESTRELA VILLAVERDE

Lupe López Rodríguez (Santa Comba –Lugo–, 1978) defínese a si mesma como unha humanista mecánica, pois é licenciada en Humanidades e fixo un Ciclo Superior de Automoción. Hoxe en día traballa como profesora de Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos nun instituto de Formación Profesional.



**Comecei ao mesmo tempo que facía o primeiro curso da Licenciatura de Humanidades, matriculeime no primeiro curso de Mecánica, que é un ciclo medio, pero despois deixei e seguí cos meus estudos de Humanidades. Cando rematei, foi cando me matriculei nun ciclo superior de Automoción**

**A: Cando comezaches os teus estudos de mecánica?**

L: Comecei ao mesmo tempo que facía o primeiro curso da Licenciatura de Humanidades, matriculeime no primeiro curso de Mecánica, que é un ciclo medio, pero despois deixei e seguí cos meus estudos de Humanidades. Cando rematei, foi cando me matriculei nun ciclo superior de Automoción.

**A: E que foi o que che fixo volver á mecánica?**

L: Pois foi moi curioso, porque eu estaba traballando no que me gustaba, que era en proxectos de organización cultural, e ofrecéranme *o traballo da miña vida*, con xente que eu admiraba e coa que me encantaría traballar, sen embargo, atopábame moi triste... E unha noite tiveron un soño no que aparecía un dos meus pilotos de motos favoritos (Alberto Puig, *o señor Puig*, como eu lle chamo) que me fixo abandonar todo e volver aos estudos de mecánica.

**A: Cantas mulleres, alumnas e mestras, había nos ciclos cando ti estudaches?**

L: Moi poucas, o primeiro ano que fixen mecánica, só había outra alumna, eramos dúas de quince, e só unha profesora de Electromecánica. E cando fixen Automoción coincidín con dúas alumnas, pero ningunha profesora.

O que resulta curioso é que ningunha das alumnas fora por escolla profesional, senón que foran por afección ou porque herdaban un taller.

**A: E agora ti dando clase, tiveches moitas alumnas?**

L: Dei clase xa en cinco institutos de distintas localidades e non tiveron máis que dúas alumnas, unha en Betanzos e agora unha en Lugo.

**A: De onde che veu o gusto pola mecánica?**

L: A verdade é que no meu entorno non existía ninguén que me influíra neste senso, a min gústanme as motos dende que teño 8 anos. Iso si, unha vez que manifestei a miña afección, fun descubrindo que na miña familia tamén había persoas afeccionadas ás motos.

Curiosamente hai 6 meses descubrín que cando era moi pequeniña, que nin andaba, o meu padriño levábame na súa moto, pode ser que aí comezara todo...

**A: Tes moto?**

L: Siiii!! (di Lupe cun sorriso de orella a orella), dende hai 3 meses.

**A: Como foi a túa incursión no mundo laboral?**

L: Ao principio intentei traballar de mecánica nun taller, pero foi imposible. Non me collían polo simple feito de ser muller, nada máis me ofrecían traballo de recepcionista, e aínda así chegaronme a dicir que «sabía demasiado para ser recepcionista»...

Teño que destacar unha anécdota porque foi especialmente decepcionante. Cando andaba na procura de traballo, entereime de que buscaban mecánicos para facer substitucións na ITV. Chamei á empresa de traballo temporal que estaba a facer a selección de persoal para saber como podía facilitarlles o meu currículo. A miña sorpresa foi que quen me colleu o teléfono, que era unha muller, díxome que a súa xefa, que tamén era unha muller, lle dixera expresamente que non collera currículos de mulleres.

**A: E denunciáchelo?**

L: Si, por suposto, denuncieino no Servizo Galego de Igualdade.

**A: Fixeches un estudo sobre inserción laboral da muller no mundo da automoción, a que conclusión chegaches?**

L: Que para poder traballar nun taller mecánico sendo muller tes que demostrar o dobre para que che recoñezan a metade.

**A: Cántame como é a túa experiencia como profesora en Automoción?**

L: Pois moi boa, comecei dando clase na Asociación de Talleres Mecánicos, entrei como alumna e ao ano seguinte colléronme para dar a clase da materia á que asistira como alumna. Despois foi cando decidín preparar as oposicións, tras os intentos falidos de conseguir traballo nun taller mecánico.



Xa estiven de profesora en cinco institutos de distintas localidades e a verdade é que sempre fun moi ben aceptada polos alumnos, é máis, sentín máis receos dos compañeiros profesores polo feito de ser muller, que dos propios estudantes.

**A: Cal é a túa ilusión no mundo da mecánica?**

**L:** A miña ilusión sempre foi ser mecánica nas carreiras profesionais. Ademais penso que sería máis doado traballar de mecánica nas competicións de alto nivel sendo muller que traballar en calquera taller mecánico de aquí, porque nas competicións só miran se es boa mecánica, dálles o mesmo que sexas muller que home.


**A: Coñeces a algunha motorista muller que compita a nivel profesional?**

**L:** Si, hainas, aínda que son moi pouquiñas, a pesares do que che comentei antes, o mundo da competición profesional segue a ser moi machista, sobre todo para as mulleres que queren correr. Foi moi famosa a pilota finlandesa Taru Rinne. Penso que foi a mellor pilota de

motos da historia, fixo tremer a moitos compañeiros pilotos homes, lembro particularmente o caso de Míster Aspar, que se tirou encima da moto coma un tolo cando viu que Taru lle arrebatara o primeiro posto no podio.

**A: Como cres que se acadará a igualdade no mundo da mecánica que asemella ser tan masculino e machista?**

**L:** Pois vai ser moi difícil, dende logo as mulleres que se introducen neste mundo teñen que ter a conciencia de que son pioneiras e que marcan o camiño das que veñan detrás. Pero que sexa difícil non significa que sexa imposible. ■



31 de agosto de 1989  
peche na fábrica de ODOSA

Copia financiada pola Deputación da Coruña,  
Concello da Coruña - Concellaría de Igualdade e  
Participación Cidadá, Real Academia Galega  
e Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

material cedido pola OTTS  
para o contedor de feminismos,  
2009

# ODOSA vinte anos despois

LOLI ROMERO\*

O pasado 31 de agosto conmemorouse o vixésimo aniversario do primeiro peche das traballadoras de Conservas ODOSA, na Illa de Arousa. De 1989 a 2009, vinte anos xa daquela exemplar loita onde máis de noventa mulleres estiveron un mes pechadas nas instalacións da fábrica, catro mulleres en folga de fame e unha folga xeral que paralizou totalmente a actividade na Arousa para evitar o despedimento de setenta delas. Esta data pasaría sen máis de non ser por Uqui Permui, Anxela Ca-

ramés e Carme Nogueira quen, pensando en recuperar historias protagonizadas por mulleres en Galiza, incluíron no arquivo de feminismos as relacionadas coa conserva na comarca do Salnés.

Contactaron con nós, mulleres que vivimos algunhas desas loitas, para que llelas contásenos, recuperar material gráfico (fotos, vídeos, etc.) e recoller os testemuños directamente das súas protagonistas. Traer o pasado aos tempos modernos.

Nesa data no Concello de Arousa (situado nos terreos da antiga fábrica) proxectouse o vídeo daquel histórico peche gravado pola Organización de Traballadoras e Traballadores do Salnés (OTTS) e recuperado por esas tres mozas ávidas do saber e enxeñosas no facer. A sala de actos encheuse das traba-

\* Traballadora e Delegada da CGT en Conservas Peña (actualmente Bernardo Alfageme, S.A.).



lladoras e as súas familias, xunto con outras persoas que temos sensibilidade e respecto coa súa loita. Á que máis e á que menos se nos encheron os ollos de bágoas. Eu, que tiven a fortuna de coñecerlas e participar solidariamente na súas reivindicacións, sentínme orgullosa de pertencer á mesma clase obreira. Ollei nesas mulleres moita dignidade, valor e paixón por defender algo xusto. Foi un pulso de todas contra un empresario que pretendía dividilas, vilipendialas e deixalas na rúa para seguir engordando o seu peto, como sempre pasou e segue a pasar.

Vendo iso, que aconteceu hai tanto tempo, sorprendeume a súa actualidade, que sexan as mesmas reivindicacións e os mesmos problemas cos que nos atopamos hoxe na maioría das conserveiras. Fomos e seguimos sendo man de obra barata, esixesenos un rendemento desproporcionado, controláenos o tempo que botamos no baño, prohibénnos tomar café cando o corpo está con frío ou esmorece de cansazo..

Esas imaxes fixéronme pensar, chea de rabia e impotencia, sobre o que está a pasar hoxe que somos máis desenvol-

**Esas imaxes fixéronme pensar, chea de rabia e impotencia, sobre o que está a pasar hoxe que somos máis desenvoltas, temos máis nivel cultural e, sobre todo, unha historia que nos avala e que debería servir para non cometer os mesmos erros**

tas, temos máis nivel cultural e, sobre todo, unha historia que nos avala e que debería servir para non cometer os mesmos erros. No meu modesto criterio e experiencia hai varios factores que impiden que avancemos nas nosas reivindicacións de mellora das condicións laborais:

1. A actuación de gran parte dos sindicatos que, en lugar de animar as traballadoras a loitar polos seus dereitos, a que vivamos o traballo con dignidade, a fomentar a unidade entre todas

nós, a saír á rúa a denunciar a discriminación e a explotación, a esixir mellores condicións de traballo, etc., actúan como muros de contención que paralizan a clase traballadora en xeral a cambio de subvencións millonarias que cobran dos gobernos, transformando o que debería ser acción sindical en simples cuestións xurídicas.

2. O cómodas que nos volvemos cando temos traballo, coche, casa chea de todos os caprichos que desexamos, en fin... aburguesámonos. O noso tempo dedicámolo ao ocio, ver a tele, ler, pasear, ir ao cine... a vivir tranquilas, sen sobresaltos, que nada nin ninguén altere o noso ritmo, que non nos chamen para solidarizarnos con outras traballadoras porque as botan ou pechan o seu centro de traballo, ou simplemente que non nos molesten para apoiar algunha compañeira que ten problemas na empresa, preferimos mirar para outro lado ou, o que é peor, criticámola por protestar e pensamos que pola súa culpa imos ter barullo todas.



3. E, por último, no mundo da conserva, o papel que desenvolven os nosos compañeiros. Aínda que non se debería xeneralizar, o certo é que na fábrica onde levo trinta anos traballando e no vídeo de ODOSA atopei moitas similitudes no trato diferente que se nos dispensa a unhas e a outros. Eles son minoría e seguen a ser os privilexiados (recoñéceselles a súa categoría profesional dende o seu ingreso na fábrica, cobran máis ca nós aínda realizando traballos iguais ou semellantes, non se lles controla nin o seu rendemento nin a súa capacidade, etc.). Normalmente apoian a empresa, non participan nas nosas reivindicacións colectivas e aproveítanse da súa mellor posición en beneficio propio. Isto é fomentado polos empresarios para dividir e desmobilizar, xa que lles é máis fácil e barato telos a eles como aliados que ás mulleres. Nin que dicir ten, que son conscientes de que as mulleres somos moito máis valentes cós homes nas loitas sociais.

**[...] Eu estou sindicada dende que comecei a traballar no ano 1979, e en todo este tempo tiven ocasión de coñecer o funcionamento interno dos sindicatos; tamén formei parte dun deles (hoxe extinguido), composto fundamentalmente por mulleres da conserva, a Organización de Traballadoras e Traballadores do Salnés (OTTS), que era desa clase de sindicatos, non subvencionados, que che fan pensar por ti mesma, ter criterio propio e defender todo aquilo no que cres**

Pese a todo, sigo crendo que a unidade entre as traballadoras e traballadores é fundamental para cambiar esta dura realidade, que hai que estar organizadas, porque xuntas temos máis

forza. De feito eu estou sindicada dende que comecei a traballar no ano 1979, e en todo este tempo tiven ocasión de coñecer o funcionamento interno de gran parte dos sindicatos; tamén tiven a sorte de formar parte dun deles (hoxe extinguido), composto fundamentalmente por mulleres da conserva, a Organización de Traballadoras e Traballadores do Salnés (OTTS), que era desa clase de sindicatos, non subvencionados, que che fan pensar por ti mesma, ter criterio propio e defender todo aquilo no que cres. Hoxe, e dende o ano 2000, estou afiliada á CGT, unha organización asemblearia que aínda conserva as raíces do sindicalismo de clase, onde as traballadoras e traballadores decidimos como afrontamos as nosas loitas.

Por todo o manifestado, e porque penso que é importante manter a lucidez nestes confusos tempos, quero seguir emocionándome cando volva ver o vídeo de ODOSA, seguir sentíndome reflectida nesas mulleres (compañeiras, nais, fillas...), esas valentes que co seu exemplo fixeron historia.

POUCO A POUCO, TODAS XUNTAS...! ■



## Exposicións

# Mulleres arte+parte=2



O pasado 31 de outubro a Concellaría de Igualdade e Participación Cidadá da cidade da Coruña, en colaboración con Expocoruña, coordinou por segundo ano consecutivo este interesante proxecto cultural. Segundo as organizadoras o evento: «pretende ser unha pedra de toque sobre o papel secundario e estereotipado que as mulleres adoitan representar no mundo das disciplinas artísticas, nomeadamente na música e nas producións audiovisuais».

Até alí achegouse Andaina para asistir as proxeccións: *Plan Rosebud 1: A escena do crime* de María Ruído, *Irene a porteira* de Óscar Losada ou *Proxecto Malawi* de Liló Producións. Puidemos, ademais, visitar a exposición *Resetea: Cambia o teu rol*, que reunía fotografías de Pequena Suricata amosando a mulleres e homes relevantes cambiando os roles aos que se ten asociado cada xénero.

No adro central do edificio estaban instalados os traballos de Margarita Cimadevilla, profesora de Física que a través de cadros denuncia o papel dunha ciencia de científicas cuxo traballo foi descaradamente roubado polos «seus colegas» masculinos. Non moi lonxe, a arquitecta Ana Gallego presentaba o seu impactante traballo. Puidemos ademais participar nun obradoiro de cómic dirixido por Emma Ríos, artista que traballa para a prestixiosa editorial Marvel ou ao obradoiro de graffiti de NADA (Iria Fabián) quen, realizou unha das súas obras en directo.

Especial mención merece a Asociación Intramuros: Mozas 10, dezasete mulleres presas no cárcere de Teixeiro que nos impresionaron co seu discurso firme e contundente a prol da reinserción social da muller presa. ■

## Exposicións

### ALLARIZ

Praza de Abastos,  
do 10 ao 23 de novembro

### TOMIÑO

Auditorio de Goián,  
do 23 de novembro ao  
9 de decembro

### A CORUÑA

Casa Museo Casares Quiroga,  
do 9 ao 20 de decembro

# Feminismo galego: Cambios sociais e dereitos das mulleres

Exposición organizada pola  
Fundación Galiza Sempre



TANIA AMENEIRO

Coa pretensión de impulsar na sociedade galega a reflexión sobre os avances e cambios sociais promovidos por organizacións e entidades defensoras da igualdade de dereitos das mulleres, a Fundación Galiza Sempre inaugurou o pasado martes 20 de outubro, no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche, en Santiago de Compostela, a exposición «Feminismo Galego: Cambios sociais e dereitos das mulleres». No seu camiño seguirá por outras vilas e cidades galegas como Allariz, Tomiño, A Coruña e Vigo.

Producida pola Fundación Galiza Sempre coa colaboración do Ministerio de Educación e a Deputación da Coruña recolle, nun formato atractivo e accesible para públicos amplos, diversos materiais que dan testemuño dos ob-

xectivos e reivindicacións do feminismo galego. Reprodúcense textos, publicacións, novas e documentación gráfica e ademais distribúese entre as persoas asistentes un xornal que serve como guieiro da exposición. O contido temático é o seguinte:

- ▶ As precursoras
- ▶ O avance do sufraxismo
- ▶ A Segunda República e a proclamación do sufraxio universal
- ▶ As mulleres e a Constitución de 1931
- ▶ O golpe de estado e a guerra civil
- ▶ A ditadura franquista
- ▶ As primeiras organizacións de mulleres no franquismo
- ▶ As agrupacións feministas galegas dos anos setenta e oitenta

- ▶ O movemento feminista e a cuestión do divorcio
- ▶ Violencia de xénero, sexualidade, maternidade
- ▶ A loita pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
- ▶ Novos tempos, novos recursos para a loita feminista

A investigación, documentación e o guiión foi realizado por Isabel Rodríguez Mate, co asesoramento de Nanina Santos Castroviejo, M.<sup>a</sup> Xosé Agra e Encarna Otero. Empregáronse fondos documentais de Nanina Santos Castroviejo, Fundación 10 de Marzo, Museo do Pobo Galego, Museo de Pontevedra e Museo Massó. ■



AIDA DE PRADA

As arañas son uns artrópodos que pasan por mudas sucesivas, con ollos dispostos en arco e catro pares de patas locomotoras. Segregan unha substancia que forma fíos moi sutís que usan para tecer redes de caza, tapizar refuxios e mesmo facerse levar polo vento. Por iso queremos ser arañas, para que a nosa identidade sexa mutante e ter fronte ao ollo ciclópeo<sup>1</sup> unha visión panorámica; para ter múltiples patas que nos impulsen a modo de motores e tecer e destecer continuamente; para refuxiarnos nunha rede articulada e deixarnos levar polo vento, planeando ou abaténdonos sen ancoraxes permanentes.

O noso *modus operandi* ten raíces no conto da leiteira, pero a diferenza desta, non moderamos a nosa alegría e os brincos non nos desestabilizan. Nos nosos camiños facémonos ilusións, imaxinando e soñando co (im)posible.

---

<sup>1</sup> Donna HARAWAY: *Ciencia, cyborgs y mujeres. La reinención de la naturaleza*, Madrid, Cátedra, col. Feminismos, 1995.

# Teatro das opri- midas





O Teatro do Oprimido é un método teatral sistematizado polo dramaturgo Augusto Boal nos anos sesenta. O seu *arsenal* de exercicios e técnicas teatrais, permítennos analizar o noso pasado no contexto do noso presente

Fartas dunha precariedade laboral en todos os sentidos, comezamos a tecer L'Aranya Creació, un refuxio ante a infame mercantilización da educación.<sup>2</sup> Dúas das nosas patas locomotoras son o Teatro do Oprimido (T.O.), e os feminismos. Que substancia se segregará cando ambas funcionen ao mesmo tempo? Como serán os fíos que se tezan desde esta alianza? Coa práctica, comezamos a descubrir que as engrenaxes que articulan o Teatro do Oprimido e as engrenaxes dos feminismos encaixan harmonicamente.

O Teatro do Oprimido é un método teatral sistematizado polo dramaturgo Augusto Boal nos anos sesenta. O seu *arsenal* de exercicios e técnicas teatrais, permítennos analizar o noso pasado no contexto do noso presente. Auto-observarnos e ensaiar sobre o espazo estético, onde estamos *protexidas*, respostas ás opresións que sufrimos fóra del. Desprégase así un abano de posibilidades para liberarnos, para inventar o noso propio futuro sen ter que esperalo como espectadoras de última fila nas butacas da conformidade. Partimos da premisa de que «todo é teatro»,<sup>3</sup> e se todo é teatro, actrices somos todas. Resulta fácil ver como un espectáculo o excepcional, con todo ver o cotián, o *normal*, como unha interpretación, cús-

tanos máis. Se conseguimos estrañar-nos dos ritos do noso cotián, é cando poderemos cuestionalo todo e «que nada se chame natural para que nada permaneza inmutable»,<sup>4</sup> como dicía Bertolt Brecht. O T.O. non é un teatro panfletario, non dá consellos sobre o que han de facer *os oprimidos*, senón que é unha forma de compartir unha opresión que viven tanto as persoas que o interpretan como as espectadoras.<sup>5</sup> Practicalo pode resultar terapéutico, aínda que para nós é sobre todo unha forma de activismo, pois a través do seu exercicio o persoal convértese en político.

Un dos proxectos nos que estamos a traballar actualmente é o grupo de creación colectiva *Teranyina*, ao que preferimos denominalo como un grupo de «Teatro das Oprimidas» –establecendo así unha conexión coa *Metodoloxía das oprimidas*<sup>6</sup>–. A convocatoria inicial foi para persoas educadas como mulleres. Co tempo xurdiu unha proposta para que participasen persoas dun grupo de intersexuais, transexuais e transxénero. Foi entón cando comezamos a ver como nos limitaba a categoría muller. Cando comezamos xa eramos conscientes da non-inocencia desta categoría, conscientes de que non era unha matriz natural, por iso falaba-

mos de persoas educadas como mulleres. Pero ao convidar este grupo a participar, o esencialismo estratéxico do que nos servimos para facer a convocatoria xa non valía. Finalmente decidimos non reproducir no interno do grupo os binomios que tanto nos molestaban e construímos así un grupo aberto a calquera persoa interesada en reflexionar e actuar en temas sobre o xénero. Un grupo de afinidade,<sup>7</sup> un grupo de activistas de xénero que temos como armas os nosos corpos. ■

<sup>2</sup> Cremos que o termo educación está pervertido en función duns valores capitalistas e patriarcais. Cando falamos de educación referímonos a un intercambio de coñecementos e experiencias, unha ferramenta para o empoderamento e a acción social.


<sup>3</sup> Augusto BOAL: *Manifiesto del Día Mundial del Teatro*.

<sup>4</sup> Bertolt BRECHT: *La excepción y la regla. Teatro completo*, Madrid, Alianza, 1990.

<sup>5</sup> No T.O. existe a categoría de expertactor, pois rompe a dicotomía entre actor e espectador, cando se convida o *espectador* a opinar actuando no espazo estético.

<sup>6</sup> Chela SANDOVAL: «Nuevas ciencias. Feminismo cyborg y metodología de los oprimidos», en AA. VV.: *Otras inapropiables. Feminismos desde las fronteras*, Madrid, Traficantes de sueños, 2004.

<sup>7</sup> Donna HARAWAY: *Manifiesto Cyborg*.



Rafael Sanzio, *A escola de Atenas*

## (Alexandria 370?-415)

MARÍA ÁNGELES DE PRADA\*


Hipatia, que mereceu o nome de *a Filósofa*, é a primeira muller de ciencia, consagrada ás matemáticas e á filosofía, da que se ten coñecemento documentado.

Parece que hai coincidencia, en todas as fontes, na data da súa morte (415 d.C.), posiblemente polas súas traxicas características; aínda que a do seu nacemento non se coñece con certeza. Curiosamente, esta última data oscila

entre os anos 355 e 375 d.C., e iso, polo aspecto que presentaba no momento do seu linchamento por unha multitude cristiá, pois algunhas fontes describena como a unha muller bela; segun-

\* Catedrática de Xeometría e Topoloxía, Universidade do País Vasco, Euskal Herriko Unibertsitatea.





Rafael Sanzio, *A escola de Atenas*  
(detalle, Hipatia de pé)

**Así que é a súa morte, consecuencia dun conflito político entre paganismo e cristianismo (aínda que é algo máis!!), a que vertebra as especulacións e alimenta as fantasías sobre a súa vida [...]**

do isto, a data correspondería ao ano 375, pois non parece que puidese ser considerada bela unha muller de máis de corenta anos.

Pero a descrición do seu aspecto no momento do seu brutal linchamento, ten que ver cos intereses dos investigadores, pois non ten a mesma carga dramática que a filósofa sexa unha muller nova ou unha anciá de sesenta anos.

É moi probable que, de non acabar os seus días de xeito tan tráxico e brutal, o interese pola súa figura fose menor, e a súa vida e a súa obra, das que se ten exígua xustificación documental, merecerían escasas referencias nos libros de historia ou nas enciclopedias ou, en fin, nos textos que se dedican a recoller as achegas das mulleres á historia da ciencia e da filosofía. Así que é

a súa morte, consecuencia dun conflito político entre paganismo e cristianismo (aínda que é algo máis!!), a que vertebra as especulacións e alimenta as fantasías sobre a súa vida, apoiadas nas referencias indirectas das cartas dun dos seus máis recoñecidos discípulos, Sinesio de Cirene, que son fonte de coñecemento e aproximación aos aspectos de Hipatia como docente, como matemática, como astrónoma, como filósofa, como personaxe admirado.

Sábese que Hipatia foi filla de Teón de Alexandría, matemático e astrónomo, o último director da Biblioteca do Serapeo (sucesora da Gran Biblioteca de Alexandría).

Teón descubriu moi pronto o talento da súa filla para cuestións relacionadas coa xeometría, e cun talante es-

pecialmente aberto para a época, proporcionoulle unha esmerada educación, iniciándoa nos misterios da ciencia e favorecendo deste xeito que Hipatia desenvolvese todas as súas capacidades. Todos os testemuños coinciden en que Hipatia superou ao seu pai en coñecementos, e aínda a todos os filósofos da súa época, segundo Sócrates Escolástico. A súa relevancia é aínda maior, se se considera a escasa participación feminina nos círculos intelectuais, relegada, parece, a algunhas mulleres que contribuíron á educación dos seus fillos ou participaron dos ensinamentos dos seus pais ou maridos.

Que moderna resulta a faceta viaxeira de Hipatia, a cidades como Roma e Atenas, para estudar filosofía, astronomía, matemáticas, física e lóxica!

**Máis que dedicarse á investigación,  
como se pode deducir dos seus estudos,  
Hipatia (e o seu pai Teón) foron excepcionais  
comentaristas e editores, sendo a súa  
achega particularmente valiosa no  
ámbito do ensino**

Unha vez terminada a súa preparación, regresou a Alexandría e comezou a traballar no Museo, chegando a ser directora da escola platónica de Alexandría cara ao 400 d.C. Alí impartiu clases de matemáticas, astronomía e filosofía (en particular, a neoplatónica) a mozos das clases acomodadas, que posteriormente desempeñarían papeis destacados na política, nas súas vertentes relixiosa e laica; algúns deles tamén importantes científicos da época.

A súa vida estivo marcada pola preocupación e ocupación en cuestións matemáticas importantes: Euclides e o postulado das paralelas, Ptolomeo e os movementos do universo, Arquímedes e a cuadratura do círculo, Diofanto e a aritmética e simboloxía matemática.

Aínda que non se conservaron escritos de Hipatia, existen referencias a eles, non só grazas aos seus discípulos, como Sinesio de Cirene ou Hesiquio de Alexandría. Segundo Suda (ou Suidas, lexicón bizantino) é autora de tres obras matemáticas e astronómicas. Refírese que escribiu os comentarios sobre a *Aritmética* de Diophanto de Alexandría e sobre as *Seccións cónicas* de Apollonio de Perga, e un traballo titulado *O canon astronómico*.

Colaborou co seu pai e axudoulle a producir unha nova versión dos *Elementos* de Euclides, que se converteu na base de case todas as edicións posteriores, e a escribir parte dos trece libros dos seus comentarios ao *Almagesto* de Ptolomeo. Tamén parece que compuxo

obras filosóficas, dentro da tradición da escola de Alexandría.

Máis que dedicarse á investigación, como se pode deducir dos seus estudos, Hipatia (e o seu pai Teón) foron excepcionais comentaristas e editores, sendo a súa achega particularmente valiosa no ámbito do ensino.

Dise que construíu instrumentos científicos como o astrolabio, ou axudou a construílo ao seu discípulo Sinesio de Cirene (cuxas cartas a Hipatia ilustran aspectos da súa vida), e o hidroscoPIO.


Podemos imaxinar a Hipatia exercendo o maxisterio ante esas elites de mozos de distintas provincias que acudían atraídos –cabe imaxinar– pola súa serena intelixencia, pola súa virtude, polos seus coñecementos e, sen dúbida, tamén pola súa beleza. Soubo tecer ao redor de si, unha tea de respecto e admiración, na que voluntariamente se enredaban algúns dos seus discípulos, sen importar o credo que profesaban (Sinesio, Orestes).

Así a describen os comentaristas, como unha mestra carismática que deixou unha profunda pegada nos seus discípulos.

Podemos tamén imaxinar a Hipatia escribindo aquel testamento que a brutalidade dunhas hordas cristiás impedíulle escribir, dedicando as súas últimas liñas, probablemente coa ansiedade do que sabe que non lle queda tempo, a percorrer o camiño da súa paixón polo coñecemento das ciencias (as ma-



Charles William Mitchell, *Hypatia*



**[...] non cabe dúbida de que nesta muller danse os ingredientes básicos para unha boa historia moderna: beleza, calidade intelectual, singularidade, trágica morte. Binomio perigoso: beleza e intelixencia, ao que a independencia dos poderes certamente non axuda**

temáticas, a astronomía, a filosofía), a enaltecer a aqueles cos que a compartiu, o seu pai especialmente, a imbuír a súa paixón noutras xentes, noutros tempos, para facer un pouco máis perpetuo o seu espírito do que fose o seu corpo. Pero isto forma parte da fantasía sobre un personaxe real, pero lendario.

Lendo a autores tan diferentes como Ferrater Moura (*Diccionario de Filosofía*), María Dzielska (*Hipatia de Alexandria*), Susana Mataix (*Matemática es nombre de mujer*), Clelia Martínez Maza (*Hipatia: La estremecedora historia de la última gran filósofa de la Antigüedad*), por citar uns poucos recentes, non cabe dúbida de que nesta muller danse os ingredientes básicos para unha boa historia moderna: beleza, calidade intelectual, singularidade, trágica morte. Binomio perigoso: beleza e intelixencia, ao que a independencia dos poderes certamente non axuda. Binomio perigoso para unha muller, nunha contorna dominada por personaxes masculinos, que utilizan as crenzas para exacerbar os ánimos dos máis débiles, dos menos instruídos, dos máis sectarios, dos máis fanáticos.

Hipatia aparece por primeira vez na literatura europea no século XVIII, na Ilustración. Desde entón, a súa figura utilizouse, dependendo das épocas, para contrapor actitudes; así Voltaire e Toland preséntana como expoñente da loita do fanatismo relixioso fronte á razón; no Romanticismo, como ideal-

ización do paganismo contraposto á civilización cristiá; e, ultimamente, como vítima da misoxinia.

Con todo, nunca alcanzara a proxección social que lle deu a última película do director español Alejandro Amenábar: *Ágora*.

Alejandro Amenábar resucita a lenda de Hipatia, e escribe en colaboración con Mateo Gil, un guión, documentado, con algunhas licencias cinematográficas, e achega a figura de Hipatia ao gran público.

Nunha promoción extraordinaria, exhaustiva, do filme, non hai día en que os xornais, as revistas, as canles de TV, as librerías, Internet... non ocupen algún espazo coa figura desta muller (demasiado identificada coa imaxe da bela Rachel Weisz).

Limos entrevistas á protagonista, vimos entrevistas ao director, temos lido comentarios, artigos de opinión..., puidemos apreciar que aínda esta figura resulta polémica e serve para opor contrarios.

As editoriais tamén se benefician do tirón mediático, con novidades que teñen a figura de Hipatia como protagonista. Só no ano 2009, publicáronse máis de DEZ! libros que teñen a Hipatia como protagonista, máis aínda, Hipatia forma parte do TÍTULO.

Benvido Alejandro Amenábar, ao mundo da divulgación científica!! ■



# Xela de romaría en romaría

NURIA GÓMEZ OTERO\*

Ángela, Xela para os amigos, naceu no ano 1928 en Castrelos. Era a pequena de catro irmás. Contando ela con tan só 4 anos, o seu pai, Ángel, morreu, facéndose cargo da casa a súa nai, Isolina, e a súa irmá Eulogia. Tivo que vivir a crueza da guerra civil en primeira persoa:

Tan só tiña 8 anos [...] Eu vivía moi preto do cemiterio de Peireiró [...] Recordo que ían ás casas a buscar a xente e levábana ata alí para matala. Oía tiros tódalas madrugadas. Eu durmía con miña nai e pasábamos moito medo. Eran tempos moi difíciles.

Ao longo da súa vida eran poucos os momentos de ocio. Pola semana tocaba ir a escola e traballar, e nas fins de semana divertirse. Recordo que empezou a ir ás romarías desde moi pequena coas súas amigas:

Saiamos pola tarde ben cedo e ás 10 tiñamos que estar de volta como cravos..., senón había *lume castaña*. Eramos todas amigas do colexio e nas clases quedabamos para vernos o sábado ou o domingo na festa. Daquela non había teléfono [...] Vestiámonos cos nosos mellores vestidos, arraxándooos e poñéndoos vistosos. Con aqueles dous ou tres vestidos, as nosas nais facían verdadeiras obras de arte...¡e a verdade e que estabamos fermosas con eles! [...] Cando chovía non tiñamos paraugas, e poñíamos un pano na cabeza. Recordo que un día chovía moitísimo e eu levaba uns zapatos de ante marrón e para non mollalos nin estragalos quiteinos e fun descalza, porque como os mollase xa non valían para nada.

\* Nuria é neta de Xela.

[...] Na festa nunca tomábamos nada, non tiñamos cartos para iso, como moito se tiñamos sede iamos ata a fonte.

Sempre estaban desexando que comezaran as festas, e incluso tiñan unha cuadrilla de verán (cando ían a zona de praias) e unha de inverno (atopándose todos na rúa do Príncipe para ir ao baile). Garda moi bos recordos daqueles días:

Con 18 anos recordo que miña nai levounos á festa dos Liñares, en Canido, porque miña irmá tiña unha ofrenda [...] Tardabamos hora e media en chegar andando, pero iso non impedía que logo pasásemos un día estupendo [...] Eu tocaba a pandeireta e iamos todo o camiño tocando e cantando. Cando estabamos chegando a Canido atopámonos coa praia chea de plátanos. Naufragara un barco cargado de plátanos e as olas achegáronos cara a ourela. Collemos un montón deles e levámoslos para a festa. Que ricos estaban!

Encantáballe escoitar as bandas de música e os gaiteiros, non había moitas orquestras daquela, e bailaban toda a tarde:

Nunca bailabamos soas, non sendo xotas e muiñeiras. [...] Gustábanme moito os Piruchos de Castrelos, un grupo de gaiteiros que sempre ía ás festas. Ademais sempre mirabamos a Banda de Música de Ribadavia, a de Pontearreas e a de Mondariz. [...] A música sempre era en directo, onde iamos non había nin radio nin gramola. [...] Recordo que iamos ao baile á sala de festas La Palmera (O Calvario) e o Jardín Park (Urzaiz) e escoitabamos as orquestras que alí actuaban. Gustábame moito a Sintonía de Vigo. [...] O meu cantante preferido era José Luis Perales, porque recordábame moito ao meu primo Jaime. Agora sempre que o vexo cantar recórdame a el. [...] No *torreiro* da festa bailabamos coas nosas amigas, pero normalmente esperabamos a que viñeran sacarnos os rapaces. Non repetiamos sempre co mesmo, só os que eran mozos. Era onde máis se ligaba e ata prometían amor eterno [...] Ás veces tiñamos medo para volver a casa ás escuras e sempre algún amigo facía o favor de acompañarnos, aínda que normalmente de volta viñamos andando pola vía do tranvía de Baiona, xuntándonos máis de 15 persoas [...] Eran outros tempos, podías ir máis tranquila polos camiños, non como agora.

A principios dos anos corenta comezou a traballar, primeiro na oficina da conserveira Alfageme e máis tarde na fábrica de botóns Vival.

Empecei a traballar con 15 anos como rapaza dos recados no lugar que deixara a miña irmá. O encargado tíñame moito apreio e alcumárame agarimosamente *Morochita*. [...] Dos 17 aos 24 anos traballei na fábrica de botóns. Alí foi onde coñecín ao meu home, José. [...] Fomos mozos durante oito anos, e para vérmonos, tiña que visitarme os martes e os xoves, e os domingos, se con sorte nos deixaban. A familia xa esperaba na casa eses días. Ti pensas que estabamos por aí de *periquiteiras* como estades vós noite e día! [...] Pouco antes de casarmos, no ano 1954, pechou a fábrica e despois dediqueime ás tarefas do fogar.

Con 24 anos casou con José, e xa non saían tanto porque el traballaba todos os días, era carteiro en Correos. Con 25 anos tivo a súa primeira filla, Sefi, e un ano despois veu a segunda, Mari Carmen.

Cando máis gozaba era coas festas do Entroido. Encantáballe disfrazarse.

Collía un camisón vello ou un pixama do meu home e poñía unha media con buracos na cabeza, e así ía, meténdome coa xente a ver se sabían quen era [...] A miña filla maior nunca quería disfrazarse e eu non a deixaba vir comigo, senón xa me descubrían [...] Era o que había para divertirse. Que remedio!

Desde hai preto de cincuenta anos dedicouse a coidar da casa e das súas dúas fillas e as súas catro netas. Encantáballe gozar delas o máximo tempo posible.

Saín de doce operacións, así que... que Deus me dea saúde para min e os meus é o mellor que me pode pasar. Quero ter tempo para seguir coidando das netas, que xa son mulleres e seguir cocinándolles con todo o meu cariño. ■

## Filmes

# Señora de

### Ficha técnica:

*Dirección:* Patricia Ferreira

*Guión:* María Salgueiro,  
Carmen I. Rábade e Patricia  
Ferreira

*Producción executiva:* Carmen I.  
Rábade

*Música:* Arturo Kress

*Fotografía:* Antón Bugallo

*Montaxe:* Rita Romero

*Son:* Cristina Morquillas

### Ficha artística:

*Intérpretes:* Asunción Fernández  
Pico, Josefa González Rey, Carmen  
Osuña Castelló, Filomena Fraga  
Rey, Concepción Gómez Rocha,  
Romana San Luis, M.<sup>a</sup> del Pilar  
Pets Failde, Segunda Portabales  
Pombal, Ana María Blanco  
Gómez, Alicia García Gagino,  
María García Álvarez, Valentina  
Riesco Clemente e Mercedes  
Noval

### Datos técnicos:

*Xénero:* Filme documental

*Duración:* 80 minutos

*Entrevistas:* Guadalupe Lloves

*Documentación:* Josefa Fernández  
Arribas

*Producido por:* O Raio Verde  
Medios Dixitais S.L. Coproducido  
por CRTVG

*Subvencionado por:* Consellería  
de Cultura e Turismo da Xunta de  
Galicia e Ministerio de Cultura



### LAURA GÓMEZ LORENZO

Rexistra este documental o testemuño de vida de doce mulleres, galegas na súa meirande parte, da chamada *xeración silandeira*, a cohorte das persoas nadas entre 1925 e 1939, a das que non fixeron a guerra, mais sufriron a posguerra, cunha nenez abundosa só en escasezas, cun acceso moi cativo á educación, na súa meirande parte, e con traballo arreo para sacar despois adiante a proxenie.

Coido que o grande acerto de *Señora de* radica na súa sinxeleza. A sinxeleza do propósito: recoller as lembranzas de mulleres do común que foron mozas durante o franquismo. Neste sentido segue o ronsel sobre a memoria de tra-

ballos anteriores en torno a aquelas que viviron a guerra, como *Mujeres del 36* (que realizou en 1999 Ana Martínez, con guión dela mesma e de Llum Quiñonero), *Mujeres en pie de guerra* (que dirixiu Susana Koska en 2004) ou *Mujer y República* (dirixido en 2006 por Juan Guerra). Sobre a mesma xeración artículase a serie *Doa a doa* (dirixida por Valentín Carrera), que emite os domingos pola noite a TVG; nela, un centenar de persoas –mulleres e homes galegos–, en torno aos oitenta anos, lembran a súa infancia e xuventude comentando temas diversos nun afán de recollida da memoria oral. Mais, se ben algúns filmes trataron na ficción esta intrahistoria das mulleres durante a ditadura (sinaladamente durante a Transición), a través das personaxes femininas, quedaba aínda ese baleiro no ámbito documental.

Acerta así mesmo *Señora de* no título, o dun tratamento que só en tempos recentes na nosa sociedade –consonte se ía espallando a conciencia feminista–, cando as *señoritas* reclamamos sermos *señoras*, independentemente do estado civil, e unhas e outras, señoras co noso propio apelido, sen preposición de pertenza a ninguén, empezou a estar cuestionado e mal connotado acabando por rexeitarse. Resulta ser un título idóneo, porque esa era daquela a cerna da cuestión, *ser ou non ser señora de*, coa práctica obriga de selo. As que non o eran aturaban unha condición paria, á mercé das decisións do cabeza de familia. Mais o estatus das que si o eran traducíase aínda en maior sometemento, porque

o réxime *liberara* a muller casada do taller e da industria recluíndoa no ámbito do fogar, e malia contaren co abeiro da respectabilidade social, carecían de todos os dereitos fundamentais.

As entrevistadas nesta obra conforman un grupo heteroxéneo, de diferentes clases sociais e con diferentes tipos de educación, son mulleres urbanas e do agro, do litoral e do interior. A traballada montaxe do filme permite enfiar os testemuños por temas, posibilitando o tecido conxunto dese tapiz sobre a condición feminina na Galicia e na España fascista. Elas falan de educación, do constante traballo, do coidado da familia, do pouco lecer, dos mozos e do matrimonio, de sexualidade, da crianza das fillas e fillos, dos seu soños e desexos, da mudanza dos tempos... Os relatos do vivencial, filmados con fotografía en cor, quedan apoiados en cada aspecto polas declaracións da avogada Romana San Luis –a primeira colexiada en Vigo en 1968–, quen, ademais de falar da súa biografía, explica artigos do dereito de familia, «ao que lle deron a volta como un calcetín» e no que a muller quedaba «como unha discapacitada para todo». En contrapunto ao cálido da cor, a socióloga Mercedes Noval, que fixo a súa tese de doutoramento sobre a Sección Femenina, transmítenos desde o branco e negro unha certa análise da ideoloxía ultracatólica coa que nenas e mozas eran educadas nos principios do *movemento* polas *mandos* que lideraba a irmá do fundador de Falange, Pilar Primo de Rivera. Resulta inevitable asociar estas

imaxes en branco e negro co NO-DO, o noticieiro que obrigatoriamente tivo que proxectarse nos cines españois antes da película, entre 1942 e 1976 (manténdose ata 1981), aínda que neste caso os comentarios sobre os mesmos temas sexan ben distintos.

*Señora de* estreouse en Compostela na edición de Cineuropa deste ano o 18 de novembro. Foi o primeiro filme de produción galega seleccionado para a Semana de Cine de Valladolid, Seminci, na 54ª edición, na sección Tiempo de Historia, acadando un moi merecido terceiro premio.

Este filme emocionante conecta moi ben co público, porque, ademais do interese das historias de vida, é –mudando algunhas particularidades– a mesma historia dalgunhas espectadoras, a historia das nosas nais, tías, avoas, irmás maiores e, tamén, no caso das que xa transitamos pola madurez, unha pequena parte da nosa propia historia. Sen dúbida, un documento de gran valor sociolóxico, de moito interese para as novas xeracións, e unha boa canle para espallar a voz das que xa non pensan seguir silenciadas. ■

## Libros



## Devenir perra

ZIGA, Itziar: *Devenir perra*,  
Barcelona, Melusina, 2009

**LAURA BUGALHO,**  
Podenga Galaica

Itziar Ziga dedicoume o libro seu cunhas palabras de acollida nesa manada da que sen eu saber xa formaba parte, e escribiu unha cita de Gioconda Belli que da nosa longa conversa ela lembrou, «son unha quixota que aprendeu nas batallas da vida. Que se as vitorias poden ser espellismo, tamén poden selo as derrotas».

As lapelas deste *Devenir perra* xa nos dan pinceladas do que nos imos encontrar no interior. Itziar declara que o feminismo é a súa relixión e que saíu herexe, que o seu orgullo é ter mantido durante seis anos un activismo pasivista no duo ex\_dones coa súa inseparábel Mónica Boix.

Este libro está escrito en primeira persoa desde a voz deslinguada e agresiva dunha guerrilleira incombustíbel, dá fe dese instante de iluminación no que o activismo se reviste de loita divertida e desacomplexada, batalla campal de ideas, gritos estridentes e anormais, reivindicación brutal do que fica á marxe dunha sociedade que castra e condena. A liberdade e o entusiasmo de Itziar Ziga son rabiosamente contagiosos, así como terribéis e esclarecedores. Cando xa non importa ser home ou muller, cando esa distinción se converte en irrisoria, o fluxo do pensamento campa ás súas anchas e dina-

mita calquera discurso hexemónico e bempensante.

Comeza o singular ensaio cunhas palabras a xeito de prólogo de Virginia Despentes e Beatriz Preciado, quen subtitulan cadansúa sinatura setter irlandés e bulldog sen terra respectivamente. Texto que resulta de interese polos conceptos nel salientados do que Itziar Ziga comeza páxina despois.


A lectura primeira resultou rápida, saborosa e moitas veces imbricada de exclamacións de ai estás ti!!, ou de gargalladas cómplices que me facían sentir parte do que estaba a ler. Foi lectura de devorar a peza que renovaba os meus pulmóns de militancias abafadas no tempo. Foi aire limpo no que enfrontarme coa realidade social e do feminismo encorsetado que ela nos debulla no texto. Logo, xa na segunda lectura, sosegada, café en man e cigarro de cando en vez, ollei que somos moitas as que estamos na transgresión, no non conformismo co aprendido, as que deseñamos liñas e círculos dese novo mundo que desexamos na sabedoría que si é posíbel. Encontreime entre pares, sentín que somos minoría, mais somos minoría cualificada.

Saen cuestións diversas nas que sei que quen o lea non ficará impasíbel..., a tradición xudeo-cristiá e o feminis-

mo, a prostitución como visibilización do que na entrevista que *Gara* lle fixo a Itziar salientou, «todas deberíamos poñernos na pel dunha puta!, como manifesto pola dignificación do traballo sexual», as censuras no feminismo pechado sobre si mesmo, ancorado na súa concepción e sen aperturas actuais..., e a manada descrita, tan lindas e valiosas, e valentes mulleres, até antes descoñecidas. E tras a lectura dámonos de conta que somos máis, somos moitas e que é definitivo facer manada. A constelación que Itziar describe é unha rebeldía na que tomarnos o pulso. ■



## Revistas



## Xénero Humano: Caderno de Igualdade

Número 1, marzo 2009

Tenencia de alcaldía. Igualdade.  
Concello de Ourense

119 páxinas

**PATRICIA ARIAS CHACHERO**

Cun pouco de retraso, saudamos a aparición na Galiza dunha nova publicación feminista. *Xénero Humano: Caderno de Igualdade* viu a luz o pasado mes de marzo baixo a dirección de Marta Arribas, coordinadora da publicación e concelleira de Muller e Igualdade na cidade de Ourense. Boa parte das súas páxinas teñen precisamente que ver con aquela Auria que outrora ocupara a poetas, pintores e escritores; nesta ocasión a cidade cede protagonismo ante mulleres moi pouco coñecidas, pero cuxas vidas son fondamente representativas da loita diaria da muller galega dos últimos anos.

Sirvan como mostra do dito as catro entrevistas que abren tan coidado caderno. Elisa Feijoo toma a voz na primeira delas, emigrante retornada con inquietudes literarias, conta como viviu o proceso de adaptación ao regresar a Galiza, reflexiona ademais sobre os contrastes que percibiu entre as mulleres galegas e as arxentinas. A seguir, toma a palabra Isabel Vicente, a máis antiga das procuradoras ourensás. Con cara de broma esta salmantina afincada na cidade, afirma que ao comezo, no ano 1969, podía representar a terceiros, pero non podía facer ningunha xestión sen licenza marital. Atopamos a seguir a Pino Díaz, campioa de España de ximnasia rítmica, quen demostra unha vez máis o relevante papel xogado nos últimos anos polas mulleres nos deportes de elite. Pecha a serie de entrevistas a tamén ourensá Dolores Borrajo, que, con 96 anos, págase de ser a segunda muller que tivo carné de conducir na cidade das Burgas. As súas palabras non teñen desperdicio, antes de examinarse asoullles un cabrito aos examinadores e despois levounos de paseo no seu coche. Esta decidida muller, panadeira de profesión, sacou adiante a súa familia e axudou a veciños e coñecidos mesmo durante os difíciles anos da Guerra Civil. Rosa Veiga, espléndida fotografa



ourensá, ilustra tres das catro entrevistas, vaian os nosos parabéns tamén para ela.

Sobre a Guerra Civil e a situación das mulleres na cidade, escribe o historiador Xulio Prada. O artigo, titulado «Muller e represión franquista en Ourense», convértese nunha homenaxe a algunhas das que sufriron unha represión cruel e claramente diferenciada polo feito de seren mulleres.

Nas páxinas centrais de *Xénero Humano* atopamos a sección «Mulleres de Auria en branco e negro», onde unha dúcia de fermosas fotografías tiradas da biblioteca da Deputación de Ourense ilustran a vida cotiá da muller na cidade. Escenas de lavadeiras e de fontes, de traballadoras das fábricas de licores e de escolas de nenos comparten espazo con aquelas outras que lembran antigos partidos de fútbol feminino.

Non todo é ourensán neste *Caderno de Igualdade*. A filósofa Mercedes Oliveira e a socióloga Amada Traba reflexionan sobre «A relixión e as mulleres», Eva Salgado da Marcha Mundial das Mulleres, asina un comprometido artigo titulado «Cambiar a vida das mulleres, para cambiar o mundo!», Xulia Varela traballa sobre as relacións de xénero no mundo rural e tradicional galego e Angélica Ferro aporta unha serie de sorprendentes datos a respecto das mulleres e a condución. Completan este número inicial un artigo de María Jesús Fariña Busto titulado «A palabra das literaturas: Un espazo para a liberdade», e un repaso a vida e á obra de Clara Campoamor asinado por Celia Pereira Porto.

Contra o remate da publicación un directorio de igualdade recolle enderezos e teléfonos de interese. A seguir

atopamos unha listaxe dalgúns dos principais enderezos webs relacionados coa muller e o pensamento feminista. Son finalmente salientables o fermoso formato da publicación, máis próximo ao libro que á revista, e a coidada presentación e deseño, en mans de dúas mulleres, Adriana Pérez e Idoia de Luxán Vázquez. ■



**AQUANOVA**  
viajes

Benito Corbal. 16  
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra



**CARTELES**  
Café

Rúa do Sol, 139-141  
Tel: 35 31 66 Ferrol

PUBLICIDADE

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

**andaina**  
revista galega de pensamento feminista

Nome .....	Apelidos .....
Enderezo .....	Localidade .....
.....	Código Postal .....
Desexo subscribirme á Revista <b>Andaina</b> a partir do nº .....	
Prezo: <i>Tarifa normal</i> <input type="checkbox"/> 15 € ano	<i>Tarifa de apoio</i> <input type="checkbox"/> 16 € ano

<input type="checkbox"/> Envío talón. Pago en efectivo	Data .....
<input type="checkbox"/> Transferencia bancaria á cta. de <b>Andaina</b> (Caixa Galicia CCC: 20910377743040003301)	Bco/Caixa .....
<input type="checkbox"/> Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista <b>Andaina</b> , apdo. 1058 de Santiago)	Oficina .....
	Localidade .....

Agradecereilles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade .....	Oficina .....
Dc .....	Nº de conta .....

Os recibos presentados pola revista **Andaina**.  
Atentamente:

Nome .....	Apelidos .....
Sinatura do/a titular da conta:	
.....	

PODES ATOPAR O BOLETÍN EN [www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org)



# anda!na

revista galega de pensamento feminista

## PUNTOS DE VENDA

### A Coruña

**Librería Couceiro**  
Praza do Libro, 12

**Librería Xiada**  
Avd. de Fisterra, 76-78

**Librería Lume**  
Rúa Fernando Macías

### Pontevedra

**Librería Michelena**  
Rúa Michelena, 22

**Librería Paz**  
Peregrina, 29

### Santiago

**Librería Couceiro.** Rúa do Hórreo, 9

**Librería Pedreira**  
Rúa do Home Santo, 55

**Baba.** Área Central

**Ártico.** Rúa do Vilar, 49

### Lugo

**Librería Trama**  
Avd. da Coruña, 21 (galerías)

### Ourense

**Livraria Torga.** Rúa da Paz, 12

PUBLICIDADE

## Servicio de Asesoramento das Mulleres

### ■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

**P**ara a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


**P**ara asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais

**Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.**

■ **Horario de atención ó público**

**Tódolos días de 10 a 14 h.**

**Teléfono: 981 57 14 61**



**CONCELLO DE SANTIAGO**

Concellería da Muller

Hayd  Mercedes Sosa (San Miguel de Tucum n, 9 de xu-  
llo de 1935 – Bos Aires, 4 de outubro de 2009) foi unha das  
voces m s dignas, imponentes e fermosas de Latinoa-  
m rica.

Coñecida como *a Negra*, defin ase a si mesma como «can-  
tora» antes que «cantante», distinción fundamental dentro  
da corrente da Nova Canci n Latinoamericana: «cantante  
  o que pode e cantor o que debe» (Facundo Cabral).

## Mercedes Sosa

O Movemento da Nova Canci n Latinoamericana, do  
que Mercedes Sosa foi fundadora e unha das s as m xi-  
mas expoñentes, naceu como un movemento literario-  
musical, dentro do  mbito da m sica popular argentina,  
cuxas m ximas eran o desenvolvemento est tico e cultu-  
ral do pobo, tentando assimilar todas as formas modernas  
de expresi n que ponderasen e ampliasen a m sica po-  
pular e o seu prop sito era defender a plena liberdade de  
expresi n e de creaci n dos artistas argentinos.


Mercedes estivo vencellada   esquerda pol tica ao longo  
da s a vida. Tras o golpe de estado do 24 de marzo de 1976,  
permaneceu no pa s, malia a represi n e o feito de que  
os seus discos fosen prohibidos. Ata que en 1978, nun  
concerto en La Plata, foi cacheada e detida no propio es-  
cenario e o p blico asistente arrestado. Exiliouse en 1979  
en Par s e despois en Madrid.

Volveu   Arxentina en 1982, pouco despois de que a di-  
tadura militar se vise obrigada a iniciar o traspaso do po-  
der a un goberno civil, tras a Guerra de Malvinas. Nesa  
ocasi n realizou unha serie de concertos hist ricos, que  
se converteron nun acto cultural contra a ditadura,   vez  
que un feito renovador da m sica popular argentina, ao  
inclu r temas e m sicos que provi nan de diferentes co-  
rrentes musicais, como o folclore, o tango e o rock na-  
cional. A actuaci n foi rexistrada nun dobre  lbum que  
constitu u un  xito de vendas e un dos discos m s sen-  
lleiros da historia musical do pa s.

D ixanos un inmens simo legado musical, tendo colabo-  
rado con innumerables artistas de todo tipo de estilos.

Recibiu numerosos recoñecementos tanto a nivel nacio-  
nal (no ano 2005 recibiu o premio Sarmiento 2005 polo  
Senado arxentino en recoñecemento   s a traxectoria  
art stica, o seu compromiso social e a s a constante loita  
en materia de dereitos humanos) como internacional  
(no ano 1995 recibiu o Gran Premio CAMU-UNESCO,  
o Premio da UNIFEM, organismo das Nacións Unidas  
que a distinguiu polo seu labor en defensa dos dereitos  
da muller, o Konex de Platino 1995   Mellor Cantante Fe-  
minina de Folclore e Konex de Brillante   Mellor Artista  
Popular da D cada...).

A s a imponente voz e a s a incansable loita pola defensa  
dos dereitos humanos e da dignidade dos pobos sempre  
vivir  en n s.



Para saber m s:

<http://www.mercedessosa.com.ar/>